



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de maio de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Angel Rivas González
D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día dous maio de de dous mil vinte e cinco, en segunda convocatoria e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(291).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 25 de abril de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(292).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓN XUDICIAIS. EXPTE. 18583/111.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/04/2025, asinado pola titular da Asesoría Xurídica e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A. Resolucións ditadas no orde xurisdiccional contencioso-administrativa

1.- Contencioso. Expediente nº 17763/111

Sentenza nº 6 do 16 de xaneiro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 260/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: desestimación presunta, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos ocasionados no vehículo ao impactar contra a rama dunha árbore sita na Praza da Miñooca.

Expte(s): 7163/243

Contía: 2.214,06 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso interposto pola empresa por mor duns danos sufridos nun vehículo pesado propiedade da mesma, na Praza da Miñooca.

O vehículo, un camión de tonelaxe superior á permitida na zona, accedeu e provocou danos nunha árbore, que pola súa vez, causaron desperfectos no vehículo.

A sentenza acolle a tese de que, se ben non se sancionou ao condutor polo acceso non permitido, ao tratarse dun expediente de responsabilidade por danos, as premisas son outras, e foi o condutor o que se colocou nunha posición antixurídica. A pesares de constar un parte da Policía Local que consideraba perigosa a presenza dos elementos vexetais e nada recoillía sobre o acceso deste vehículo.

A maior abonamento, o espazo nesa rúa permitía unha circulación libre sen necesidade de colisionar cos elementos vexetais, e a propia dinámica do accidente permitía ao condutor percatare do contacto coa póla da árbore, a fin de deter o vehículo e non empregar a forza tractora do mesmo para arrincar a cerdeira.

Se desestima a demanda con imposición de custas.

O Servizo de Patrimonio-responsabilidade patrimonial debe coñecer do resolto.

2.- Contencioso. Expediente nº 17900/111

Sentenza nº 31 do 13 de febreiro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 287/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: desestimación, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos ocasionados ao vehículo, ao seren golpeado por un contedor de lixo sito na rúa Jenaro de la Fuente.

Expte(s): 7346/243

Contía: 1.016,50 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

Sentenza (firme) pola que se estima o RCA presentado pola demandante contra a desestimación por silencio da administración da RPA presentada ante o Concello na que reclamaba 1.016,50 euros en concepto de danos padecidos nun autobús da súa propiedade, polo desprazamento dun colector de lixo causado polo forte vento existente nesa data, que impactou co citado vehículo do actor.

O Concello ditou resolución expresa unha vez transcorrido o prazo de resolución, e estimou a reclamación patrimonial imputándolle a responsabilidade patrimonial á concesionaria municipal responsable de dito colector.

Por esta razón, e ante a ausencia de ampliación da demanda á resolución expresa municipal, o xulgador estima o recurso presentado en relación á desestimación por silencio, e xunto a esta estimación, aprecia a carencia sobrevida do obxecto deste recurso xa que existe resolución expresa, dando así por válida a resolución expresa municipal estimatoria da RPA.

A sentenza foi ditada sen expresa imposición de custas, e contra a mesma non cabe recurso.

Darase traslado desta resolución ao Servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

3.- Contencioso. Expediente nº 17286/111

Sentenza nº 38 do 13 de febreiro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 134/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos sufridos por mor dunha caída cando circulaba pola rúa Colón.

Expte(s): 6899/243

Contía: 94.804,68 €

A sentenza que é firme:

1º Estima parcialmente o recurso interposto fronte a desestimación por silencio da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada o 8.11.2022 polos danos sufridos con ocasión da caída sufrida na calzada á altura do número 28 da rúa Colón, cando circulaba en motocicleta, que anula e revoca pola súa desconformidade a dereito.

2º Condena ao Concello de Vigo a abonar ao reclamante a cantidade de 51.123,65 euros incrementada cos intereses legais dende a data da reclamación ata o completo pago, fronte aos 94.804,68 euros reclamados.

3º. sen imposición de custas.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio (responsabilidade patrimonial)

4.- Contencioso. Expediente nº 18057/111

Sentenza nº 66 do 20 de febreiro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 328/2024
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: desestimación por silencio de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos en muro por caída de árbore no camiño de Gondosende.
Expte(s): 7462/243
Contía: 6.712,35 €

Sentenza pola que se estima a pretensión da demandante, propietaria dunha parcela sobre a que caíu unha árbore de grande magnitude, e que está localizada no linde con outra parcela chea de maleza.

A demandante reclamou ante o Concello a limpeza da propiedade lindante á súa, a retirada da árbore caída sobre a súa propiedade (sen cuantificación económica) e a reparación do muro danado por dita caída por importe, esta última de 1.816,69 euros.

O Concello defendeu, tal e como consta no informe de Patrimonio, que a propiedade denunciada non é municipal, polo que non lle corresponde a esta administración municipal asumir as actuacións reclamadas. Se ben o anulado PXOM 2008 a incluía dentro dun ámbito urbanístico de actuación na actualidade non aparece como de propiedade municipal no vixente planeamento.

A xulgadora de instancia entende que a limpeza de dita parcela é responsabilidade municipal, ao abeiro do declarado polo inspector de Medio Ambiente do Concello de Vigo, e do informado polo perito da parte demandante que alegou que dita parcela aparece no catastro como municipal e na cartografía obtida do Concello de Vigo.

A sentenza é firme, e foi ditada con expresa imposición de costas ao Concello de Vigo por importe de 400 euros mais o IVE.

Darase traslado desta resolución aos servizos municipais de Medio Ambiente, Patrimonio e Montes, Parques e Xardíns para o seu coñecemento e efectos.

5.- Contencioso. Expediente nº 16828/111

Sentenza nº 75 do 10 de marzo de 2025
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de PONTEVEDRA
Abreviado: 405/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: resolución do 23/10/2023 ditada en expediente sancionador por infracción de tráfico.
Expte(s): 2023/25717
Contía: 900,00 €

Sentenza do XCA núm. 2 de Pontevedra (firme) que desestima o RCA interposto polo actor contra a imposición dunha multa de 900 euros por non identificar ao condutor do vehículo no proceso sancionador de tráfico por exceso de velocidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

A parte demandante defende que en ningún momento foi requirido debidamente nos termos establecidos pola LSV; que non foi notificado e que nunca deixou aviso de Correos polo que tampouco puido contestar ao requirimento. Entende o demandante que a obriga desta proba é da administración e alega amais, que non queda probado que o vehículo que excede velocidade estea debidamente identificado por ser capturada a fotografía sendo de noite pechada. Alega, por último, prescrición.

Pola contra o Concello defende que o procedemento foi tramitado con pleno axuste a Dereito, que non hai vicio na tramitación, quedando acreditadas todas as notificacións e que non transcorreu o prazo de prescrición.

A sentenza se fundamenta en que o procedemento administrativo foi tramitado correctamente e desestima todos os motivos de impugnación, incluído o relativo á prescrición, xa que a mesma interrompeuse coa tramitación do procedemento. Entende que non existe indefensión por canto as notificacións foron debidamente practicadas.

A sentenza foi ditada con expresa imposición de costas ao recorrente, por importe total de 200 euros.

Darase traslado desta resolución ao Servizo de Seguridade e ao Servizo de Recadación para o seu coñecemento.

6.- Contencioso. Expediente nº 18264/111

Sentenza nº 64 do 18 de marzo de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 384/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: resolución do Concello de Vigo ditada no expediente sancionador.

Expte(s): 325867/280 e 396795/700

Contía: 228,26 €

A sentenza que é firme:

1º Desestima o recurso interposto pola mercantil recorrente fronte a resolución do Concello que desestimou o recurso contra a providencia de apremio ditada en relación cunha multa de tráfico firme en vía administrativa.

2º Impón as custas a recorrente co límite máximo de 100 euros.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Seguridade e de Recadación Executiva.

7.- Contencioso. Expediente nº 18131/111

Decreto nº 17 do 27 de febreiro de 2025

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2 de A CORUÑA

Ordinario: 4349/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación, por silencio administrativo, da reclamación económico-administrativa,

Expte(s): 177987-700

O Decreto acorda ter por desistida a recorrente, sen imposición de custas.

Deben coñecer o resolto a Recadación Executiva e o Tribunal Económico Administrativo.

8.- Contencioso. Expediente nº 18217/111

Auto nº 31 do 18 de marzo de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 372/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do TEA do Concello de Vigo de data 07/10/2024.

Expte(s): 6054/550, 326776/280 e 399888/700

Contía: 1.214,30 €

Auto polo que se dispón a terminación do procedemento e o seu arquivo por carencia sobrevida do obxecto do RCA interposto pola parte actora fronte ao acordo do TEA que desestimou a reclamación económico administrativa presentada contra unha dilixencia de embargo municipal por importe de 1.214.30 euros por varios conceptos.

O Concello, antes da celebración da vista, revisou de oficio o expediente e recoñeceu mediante resolución expresa de recoñecemento de ingreso indebido, que a tramitación do procedemento recadatorio foi desconforme a dereito. A débeda estaba prescrita por mor dun erro na notificación da mesma que impediu que o interesado se puidera considerar notificado.

A sentenza foi ditada con expresa imposición de costas ao Concello de Vigo, polo límite máximo de 200 euros, xa que o demandante veuse obrigado a acudir á vía xudicial e foi este recurso o que deu lugar á revisión de oficio do procedemento por parte da Administración.

Darase traslado deste Auto ao Servizo de Recadación e ao TEA para o seu coñecemento.

9.- Contencioso. Expediente nº 18304/111

Sentenza nº 84 do 21 de marzo de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 19/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: acordo do TE-A do 30/12/2024 desestimatorio do recurso de reposición formulado contra providencia de apremio.

Expte(s): 6095/550, 326398/280, 397893/700

Contía: 126,01 €

Sentenza firme pola que se declara axustada a Dereito a actuación municipal recorrida, consistente no acordo do Tribunal Económico Administrativo municipal polo que se desestima a reclamación presentada polo demandante contra unha providencia de apremio dirixida ao cobro dunha multa de tráfico.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

Alega o demandante que o procedemento sancionador non se axusta a Dereito por canto as notificacións non foron practicadas no seu enderezo e que na denuncia non constan as dúas fotografías esixidas pola norma.

A sentenza recoñece que o Concello practicou correctamente as notificacións no enderezo que consta na DXT, que ao non resultar descoñecido o destinatario non estaba obrigada a investigar o enderezo alternativo e que a esixencia de dúas fotografías respecto a este tipo de radar que captou o exceso de velocidade non é tal, do xeito que recolle o informe da DXT óbrante no expediente.

Contra esta sentenza non cabe recurso, e foi ditada con expresa imposición de costas por importe de 50 euros mais impostos.

Darase traslado desta resolución ao Servizo de Recadación Executiva e ao Tribunal Económico Administrativo para o seu coñecemento.

10.- Contencioso. Expediente nº 16929/111

Sentenza nº 75 do 7 de marzo de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 40/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: desestimación por silencio administrativo da reclamación de importe de 79.578,08 Eu correspondente a revisión de prezos; da devolución das tres garantías de importe 743.144,87 Eu, 7.821,60 Eu e 8.304,79 Eu e do pago dos custes de mantemento das mesmas que acenden a 37.537,75 Eu, relativa ao "Contrato de Servicio de Mantemento, conservación e reposición de zonas verdes do Concello de Vigo (expte. 7614/446)" de data 28/08/2015.

Expte(s): 7614/446,50909/446,6681/241,6904/241

Contía: 883.894,58 €

O recurso tiña por obxecto a desestimación presunta da reclamación formulada por ALTHE-NIA S.L o 23 de outubro de 2023 na que solicita a revisión de prezos do contrato de mantemento de zonas verdes desde o 01/01/2020 ata o 31/01/2021, a devolución dos avais presentados como garantía definitiva e os gastos de mantemento dos avais non devoltos.

Na sentenza indícase como cantidade total reclamada a de 883.894,58 euros, que inclúe o importe das 3 garantías cuxa devolución se reclama.

A sentenza estima parcialmente o recurso e condena ao Concello de Vigo, segundo o fallo, a "a) Abonar el importe de la revisión de precios que asciende ala suma de 79.578,08

b) Devolver las tres garantías : 743.144,87, 7.821,60 y 8.304,73.

c) Abonar los gastos de mantenimiento de las garantías, que ascienden a 1/4/24 a 37.537,75 euros; así como a abonar los gastos que se generen por el mantenimiento de las garantías desde el 1/4/24 hasta la efectiva devolución de las mismas.

Todo ello, más los intereses legales de dichas cantidades desde la fecha de la reclamación administrativa (23/10/23)".

A estimación é parcial porque acepta o alegato formulado pola Administración de que os gastos de mantemento das garantías do contrato unicamente poden computarse a partir da data da presentación do escrito de solicitude de devolución e non antes.

Dita sentenza é firme posto non se formulou recurso de apelación perante o TSXG ao considerarse, pola asesoría xurídica e o servizo xestor, que non existían motivos xurídicos que xustificasen a súa interposición e o devengo de contiosos xuros durante a súa tramitación e resolución.

Debe coñecer e executar o resolto o Servizo de Montes, Parques e Xardíns.

11.- Contencioso. Expediente nº 18230/111

Sentenza nº 63 do 18 de marzo de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 374/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación do recurso de reposición formulado contra a factura por importe de 130,92 euros correspondente ao abastecemento de auga do inmovible da Rúa Sagunto.

Expte(s): 10/519

Contía: 130,92 €

A sentenza que é firme:

1º Desestima o recurso interposto contra a desestimación do recurso presentado fronte a factura bimestral xullo- agosto de 26.09.2024 de abastecemento e saneamento de augas por importe de 130,92 euros.

No FX2º conclúe que a conformidade a dereito da actuación impugnada (aludindo a moi completa e motivada resolución municipal impugnada) partindo dos feitos acreditados no expediente, que a edificación está conformada por un local comercial e tres vivendas, conectadas ao subministro.

2º Impón as custas a recorrente co límite máximo de 100 euros.

Debe coñecer o resolto a Dirección de Ingresos.

12.- Contencioso. Expediente nº 18029/111

Decreto nº 28 do 6 de marzo de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 338/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: desestimación por silencio administrativo de reclamación económico-administrativa, interposta fronte á desestimación presunta por silencio administrativo, de solicitude de rectificación de autoliquidación en concepto de IIVTNU.

Expte(s): 5965/550

Presentados varios recursos cun obxecto similar o Xulgado acordou tramitar o RCA 314/2024 P.A. con carácter preferente; ditándose sentenza desestimatoria de 4 de febreiro de 2025.

Á vista de dito pronunciamento xudicial o recorrente solicitou o desestimento deste recurso, que é o que se acorda neste decreto.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

Debe coñecer o resolto o departamento de Tributos- IIVTNU

13.- Contencioso. Expediente nº 16096/111

Sentenza nº 869 do 18 de decembro de 2024

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1 de A Coruña

Recurso de apelación: 395/2023

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: apelación da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo do 20/06/2023 ditada no procedemento abreviado nº 11/2023 (expediente nº 15437-111).

Obxecto do recurso de orixe: 1º) Resolución da Concelleira-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal do 25/11/2022, desestimatoria do recurso do 17/11/2022 formulado contra a convocatoria ordinaria da Mesa Xeral de Negociación prevista para o 21/11/2022; 2º) Convocatoria da Mesa Xeral de Negociación do 25/11/2022; 3º) O propio acto de levar a cabo a Mesa de Negociación o día 05/12/2022

Expte(s): 40961/220, 41192/220 e 41232/220

Contía: Indeterminada

No caso analizado pola sentenza, a controversia orixinouse cando un sindicato impugna unha convocatoria da Mesa de negociación por non incluír na orde do día todos os asuntos que propuxera. Ante a exclusión das materias propostas, o sindicato presentou un recurso de alzada fronte á convocatoria, dirixido non á concellería que ordenou a convocatoria por delegación da alcaldía, senón á secretaría do pleno, ao considerar a esta última como superior xerárquica da secretaría da Mesa de negociación que materializara a convocatoria.

A secretaría do pleno estimou o recurso e ordenou á secretaría da Mesa de negociación unha nova convocatoria, o que conduciu á suspensión da mesa inicialmente convocada. Posteriormente, tras a análise do recurso e da actuación da secretaría de pleno polo departamento de recursos humanos, a concellería convocante desestimou o recurso presentado polo sindicato. En consecuencia, convocou de novo a Mesa de negociación e, tras a súa celebración, o sindicato interpuxo recurso contencioso-administrativo.

No devandito recurso, o sindicato pretendía a anulación da convocatoria inicial da Mesa xeral de negociación, a resolución da concellería que desestimou o seu recurso, a convocatoria e celebración da seguinte mesa, así como a anulación dos asuntos negociados cos restantes sindicatos representados na mesa, incluíndo materias transcendentais como a oferta de emprego e a oferta de estabilización

A sentenza de primeira instancia, sentenza 155/2023, de 20 de xuño, do Xulgado do Contencioso Administrativo 2 de Vigo desestimou o recurso. E a sentenza da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 869/2024, do 18 de decembro, ditada en apelación, confirma a desestimación e a correcta actuación da Área de Recursos Humanos e da Concellaría da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal.

Os principais fundamentos xurídicos considerados precisaron uge:

a. A competencia para acordar as sesións da mesa e o establecemento da orde do día corresponde á Presidencia. No caso examinado, tomáronse en consideración as propostas e motivouse de xeito claro, detallado e específico a razón da non inclusión na orde do día, considera debida esta motivación.

b. As partes lexitimadas na mesa de negociación son dúas: a representación da Administración Pública e a representación sindical e non cada sindicato considerado individualmente senón consonte á súa representatividade.

c. Nin a convocatoria nin a celebración da mesa son actos susceptibles de impugnación, senón que o serán os acordos finais adoptados polo órgano de goberno competente os que poderán ser obxecto de recurso.

d. Tal e como se fixo, procedía reconducir o recurso interposto claramente no cabe recurso administrativo contra esa convocatoria. A admisión do recurso de alzada e a súa resolución polo secretario xeral do Pleno foi incorrecta, é unha resolución que non cabe legalmente e por quen carece de competencia. Non existe dependencia xerárquica entre a Secretaría do Pleno e a da Administración Municipal (no caso por suplencia da Secretaría do Goberno local), pois cada unha ten as súas propias competencias.

e. Cando se suspendeu a primeira mesa, para analizar o recurso, e se tramitou como recurso de reposición, resolveuse adecuadamente.

Polo que a sentenza conclúe que: “En definitiva, debe señalarse que la convocatoria de la mesa no es un acto de trámite cualificado, que no era susceptible de recurso, por lo que la decisión del secretario no era ajustada a derecho.

La forma en que se resolvió posteriormente ese recurso de la entidad apelante fue correcta, sin que fuese exigible legalmente ningún procedimiento de revisión de actos administrativos, toda vez que se trató de la resolución de un recurso que no era admisible y resuelto por quien carecía de competencia para resolver.

Es obligación de las administraciones reconducir los escritos, cuando se interponen, erróneamente ante un órgano que no es el correcto.

Pero estos razonamientos deben completar al fundamental, que es que contra el acto de convocatoria no cabe recurso alguno, por ello no consta al pie el ofrecimiento de ningún recurso. El lugar donde debe discutirse y manifestarse esa discrepancia es en la propia reunión, y, si se mantiene esa discrepancia, recurriendo, entonces sí, los acuerdos adoptados”.

Debe coñecer o resolto o Servizo de RRHH e Formación.

14.- Contencioso. Expediente nº 18084/111

Sentenza nº 62 do 18 de marzo de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 369/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: desestimación presunta de reclamación de indemnización polos danos sufridos no desempeño das súas funcións como Policía Local.

Expte(s): 44104/220

Contía: 1.977,26 €

A sentenza estima o recurso interposto fronte ao Concello pola desestimación por silencio administrativo da reclamación, e condena ao Concello a indemnizar ao funcionario coa cantidade de 1.977,26 incrementada cos intereses legais dende a presentación da reclamación administrativa.

No fundamento xurídico 2º recoñece que nesta materia o xulgado non ditou resolucións uniformes nesta cuestión, se ben motiva a estimación na recente xurisprudencia do Tribunal Supremo que recolle no citado fundamento.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

Non establece condena en costas, polas dúbidas que puideron suscitar outros pronunciamentos do mesmo xulgado.

Debe coñecer o resolto o Servizo de RRHH e Formación.

15.- Contencioso. Expediente nº 17577/111

Sentenza nº 195 do 19 de marzo de 2025

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1 de A CORUÑA

Recurso de apelación: 348/2024

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: apelación da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo do 10/07/2024 ditada no procedemento abreviado no 119/2024 (expediente nº 17249/111).

Obxecto do recurso de orixe: desestimación por silencio administrativo, da solicitude de complemento de produtividade por realizar ademais das súas funcións ás de auxiliar administrativa.

Expte(s): 1717/110 e 42661/220

Sentenza do TSXG que desestima o recurso de apelación interposto polo Concello de Vigo contra a sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso-administrativo 1 de Vigo o 10/07/2024 no PA 119/2024 e confirma a sentenza de instancia.

A sentenza do XCA núm. 1 de Vigo lle recoñecía á funcionaria demandante o dereito a percibir do Concello de Vigo o complemento de produtividade pola actividade extraordinaria desenvolta entre o 4.7.2022 ata o 27.2.2023, condenando ao Concello ao abono 1) do complemento de destino de Auxiliar (posto de inferior categoría) dende o 4.7.2022 ata o 16.3.2023 e 2) máis o 10% do período dende o 17.3.2023 ata o 4.7.2023.

A sentenza se fundamenta no recoñecemento de ditas funcións polo secretario xeral do Pleno, conformado pola concellería de Seguridade, Contratación e Gestión Municipal do 07/02/2023, así como no informe da Área de RRHH, indicando que "O 18/07/2023, la Técnica de Evaluación y Formación de RR.HH. también formula solicitud de autorización de tareas/funciones asociadas a la productividad, relativa al puesto de Jefa de Negociado de Actas de la Secretaría General del Pleno. Expone que la motivación de la solicitud se encuentra en la baja por IT de larga duración de la auxiliar xxx; dada la situación del servicio de la Secretaría General del Pleno, integrada únicamente por dos puestos administrativos, de Jefe de Negociado de Actas y Auxiliar, y ante la baja de larga duración de la funcionaria adscrita a este puesto, se considera la posibilidad de encuadrar la presente solicitud de autorización de tareas asociadas a la productividad, de acuerdo a la Categoría 1 -Complemento puntual por trabajos de carácter excepcional-, al tratarse de funciones que no forman parte de las asociadas al puesto pero sí guardan relación con estas y se realizan de forma coyuntural en el período de baja de la funcionaria".

Tamén recolle a sentenza que "son los propios órganos municipales, con competencias en RRHH -el SGP, órgano municipal superior y directivo, y la Concejala de Seguridad, Contratación y Gestión Municipal forman parte del Pleno- quienes entienden motivada la autorización en los términos que dejamos escritos.

Pola contra o Concello apelou ao informe da Intervención 2/2023 de 06/09/2023, pero o TSXG entende que este versa sobre a atribución de funcións (e a súa diferenza coa adscrición provisional). e non di ao tribunal qué norma ampararía o seu enriquecemento coa realización pola actora de funcións acumuladas dun posto cuxo titular está de baixa por enfermidade de longa duración. E tamén se apelou á necesidade de constatar esa funcións de modo fidedigno e non xenérico como faise nos informes citados.

A sentenza impón as costas ao Concello de Vigo, ata un máximo de 1000 euros. Contra a mesa cabe interpoñer recurso de casación.

Darase traslado desta resolución á xefatura de Área de RRHH, á Concellería da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal. e á xefatura da Secretaría Xeral do Pleno para o seu coñecemento.

16.- Contencioso. Expediente nº 17913/111

Sentenza nº 196 do 19 de marzo de 2025

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1 de A Coruña

Recurso de apelación: 43/2025

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: apelación da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo do 28/10/2024 ditada no procedemento abreviado nº 207/2024 (expediente nº 17550/111).

Obxecto do recurso de orixe: desestimación, por silencio administrativo, da reclamación das retribucións complementarias do posto de traballo desenvolvido en período de prácticas como Policía Local.

Expte(s): 43952/220

Contía: Indeterminada

SENTENZA do TSXG pola que se estima a apelación do Concello de Vigo contra a sentenza do XCA núm. 1 de Vigo pola que se recoñecía o abono dos complementos específico e de destino correspondentes a un funcionario de carreira durante o período de prácticas do 24 de xuño de 2023 ao 24 de setembro de 2023, así como ao período posesorio que se estende do 13 de decembro de 2023 ata o 18 de xaneiro de 2024.

A sentenza acepta os motivos de apelación municipais, recollendo que durante o período a que se refire a reclamación, o funcionario completou a súa formación e facilitouse a aprendizaxe das labores dun policía local, pero sen asumir as responsabilidades nin ter que cumprir os deberes destes, e precisamente por iso non portaba a arma regulamentaria e vestía un uniforme diferente, polo que non se pode afirmar que nese tempo desempeñase un posto de traballo. Igualmente quedou acreditada a diferenza co ocorrido en períodos anteriores, tal como reflíctese no informe de setembro de 2024 e o declarado polo xefe da Policía Local.

Por último a sentenza conclúe que só corresponde aos funcionarios de carreira o exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das Administracións Públicas, e que toda a proba practicada evidencia, pois, que o demandante non desempeñou o período un posto de traballo durante o período de prácticas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

A sentenza imponse non fai pronunciamento especial sobre as costas desta segunda instancia e recolle que a revogación que se acorda debe de estenderse así mesmo ás costas de primeira instancia, respecto ás que tampouco se fará especial pronunciamento. Conta a mesma cabe interpoñer recurso de casación.

Darase traslado desta resolución á xefatura da Área de RRHH, á concellería de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, así como á xefatura da Policía Local, para o seu coñecemento.

B. Resolucións ditadas na orde xurisdiccional social

1.- Social. Expediente nº 16582/111

Sentenza nº 345 do 24 de xaneiro de 2025

TSX Galicia, Sala do Social, A Coruña

Recurso de suplicación: 836/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Suplicación da sentenza do Xulgado do Social nº 4 de Vigo do 13/11/2024 ditada no procedemento ordinario nº 821/2022 (expediente nº 15511/111).

Obxecto do recurso de orixe: recoñecemento de dereito (incentivo xubilación anticipada) (Oficial Instalacións Deportivas).

Contía: 3.600,00 €

Esta sentenza é firme, e estima o recurso de suplicación interposto polo actor contra a Sentenza ditada na instancia que absolvía ao Concello de Vigo da pretensión do abono do incentivo á xubilación do demandante.

A resolución, en liña co resolto por outros Tribunais Superiores e pola propia Sala entende como unha mellora social e non como unha retribución, -a diferenza do que a Sala do C-A entende para o persoal funcionario- este tipo de incentivos ou premios á xubilación.

Se aplica na súa literalidade este apartado do convenio colectivo do Concello, que non estima que vulnere norma legal algunha, e polo tanto, estima o recurso e recoñece o dereito ao abono ao traballador de 3.600.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto e executar a sentenza.

2.- Social. Expediente nº 16894/111

Sentenza nº 75 do 19 de febreiro de 2025

Xulgado do Social nº 6 de Vigo

Ordinario: 100/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Reclamación de cantidades polo desenvolvemento de funcións propias do posto de Oficial de Instalacións no servizo de Deportes.

A sentenza estima a demanda interposta pola traballadora, (laboral indefinida non fixa) que ten a categoría de axudante de mantemento pero que ven realizado as funcións correspon-

dentes a categoría de oficial de Instalacións e condena ao Concello a pagarlle a cantidade de 3.597,99 euros mais os xuros pola diferenza salariais do ano 2023.

Debe coñecer o resolto o Servizo de RRHH e de Deportes.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuizamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte positiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(293).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA USUARIO. EXPTE. 10416/113.

Visto o informe de fiscalización do 25/04/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 24/04/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

e) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos informáticos para usuario (10416-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos informáticos para usuario (10416-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 7 de febreiro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro de equipos informáticos para usuario (ordenadores, monitores, portátiles e tablets), no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 26/06/2024 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 12/07/2024 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 14/11/2024 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Informe da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 12/12/2024, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Memoria económica do contrato de data 26/12/2024, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Memoria xustificativa do contrato de data 21/01/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 23/01/2025.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 100.000,00 €, que inclúe un I.V.E. de 17.355,37 €, dende o 1 de maio de 2025 , con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

exercicio	concepto	Partida/Proxecto	Base	IVE	Total
2025	EQUIPOS INFORMÁTICOS	9207.6260001/25920701	82.644,63 €	17.355,37 €	100.000,00 €

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de 81.000,00 €, que inclúe un I.V.E. de 14.057,85 €, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

exercicio	concepto	Partida/Proxecto	Base	IVE	Total
2026	EQUIPOS INFORMÁTICOS	9207.6260001/25920701	66.942,15 €	14.057,85 €	81.000,00 €

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 3 de abril de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 3 de abril de 2025 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por TEKNOSERVICE, SL neste procedemento.

Segundo.- Excluir deste procedemento a HERBECON SYSTEMS, SL por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao informe asinado polo xefe do Servio de Administración Electrónica o 28 de marzo de 2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos informáticos para usuario (10416-113) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	TEKNOSERVICE, S.L.	89,22
2	SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S. L.	75,84
3	OTEMAR 2020 S.L.	57.80
4	OMEGA-PERIPHERALS S.L.	39,74

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TEKNOSERVICE SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Certificado positivo de débedas da ATRIGA ao non ser posible, por cuestións técnicas, a súa comprobación de oficio por esta administración.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, TEKNOSERVICE, SL, o día 4 de abril de 2025, que presenta a documentación requirida o 11 e 21 de abril de 2025, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil e o seu obxecto social, así como o nomeamento do seu representante.
- O certificado de estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa ATRIGA.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.

- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (104.710,75 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (126.700,00 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Aval por un importe de 7.479,34 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT e a TGSS.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 24 de abril de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TEKNOSERVICE, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TEKNOSERVICE, SL, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de data 2 de abril de 2025.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión de HERBECON SYSTEMS, SL acordada pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 3 de abril de 2025, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao informe asinado polo xefe do Servio de Administración Electrónica o 28 de marzo de 2025.

Segundo.- Adxudicar a TEKNOSERVICE, SL o procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos informáticos para usuario (10416-113) por un prezo total do contrato de 181.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 31.413,22 euros e coas seguintes condicións:

- a) *As porcentaxes de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP son:*
 - *Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos de sobremesa: 27,24 %.*
 - *Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos monitores de 34": 30,75 %.*
 - *Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos portátiles de 15,6": 34,23 %.*
 - *Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos portátiles convertibles: 20,08 %.*
 - *Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario das tablets de sinatura: 31,73 %.*
 - *Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos monitores de 24": 37,27 %.*
- b) *As melloras sobre os requisitos técnicos especificados na cláusula 2 do PPT son:*
 - *Melloras técnicas dos equipos de sobremesa:*
 - *Incrementa as características técnicas do procesador a 3,765.*
 - *Propón unha memoria RAM de 32GB (nº) GB, a maiores do mínimo esixido (16 GB).*
 - *Melloras técnicas dos portátiles convertibles:*
 - *Incrementa as características técnicas do procesador a 3,448.*
 - *Propón unha memoria RAM de 32GB (nº) GB, a maiores do mínimo esixido (16GB).*
 - *Propón un disco duro de 512GB (nº) GB ou TB, a maiores do mínimo esixido (256GB).*
 - *Melloras técnicas dos portátiles:*
 - *Incrementa as características técnicas do procesador a 3,184.*

- *Propón unha memoria RAM de 3 2GB (nº) GB, a maiores do mínimo esixido (16GB).*
- *Propón un disco duro de 512GB (nº) GB , a maiores do mínimo esixido (256GB).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(294).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS DE XOGO PARA O PARQUE INFANTIL DE MIRANAIA. EXPTE. 51187/446.

Visto o informe de fiscalización do 25/04/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 24/04/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación de elementos de xogo para o parque infantil de Miranaia (51187-446)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación de elementos de xogo para o parque infantil de Miranaia (51187-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 31 de xaneiro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado do contrato de SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS DE XOGO PARA O PARQUE INFANTIL DE MIRANAIA, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 5 de decembro de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 12 de decembro de 2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 153.753,78€, que inclúe un IVE de 26.684,54€, o cal se imputará á aplicación orzamentaria 1710.6190015 “Parques infantís e biosaudables”, do orzamento do ano 2025.

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 3 de abril de 2025, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación de elementos de xogo para o parque infantil de Miranaia (51187-446) na seguinte orde descendente:

	Empresa	Prezo ofertado (sen IVE)
1	BRICANTEL ESPAÑA, S.L.	91.530,20 €
2	JUEGOS KOMPAN, S.A.	91.990,00 €
3	MOBIPARK, S.L.	94.570,92 €
4	NOZOA PERMACULTURA, S.L.	99.990,00 €
5	SERVIPLUSTOTAL, S.L.	102.671,75 €
6	HPC IBERICA, S.A.	103.908,40 €
7	OURI ENTRETENIMIENTOS, S.L.	106.813,00 €
8	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	107.985,75 €
9	LAPPSET ESPAÑA VR, S.L.	110.072,16 €
10	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U.	111.884,46 €
11	SPORT EQUIPALIA, S.L.U.	113.000,00 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BRICANTEL ESPAÑA, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva, segundo se esixe no apartado 9 do Anexo I (FEC) e na cláusula 19 do PCAP
- Anexo IV do PCAP co nomeamento do/a delegado/a do contrato, o acordo de confidencialidade e autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, e a declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) para os contratistas e subcontratistas e a declaración de non estar incurso en prohibición para contratar.
- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 do Anexo I (FEC) do PCAP.
- Certificado positivo de débedas da ATRIGA ao non ser posible, por cuestións técnicas, a súa comprobación de oficio por esta administración.

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, ao estar o licitador inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, está exento de presentar a documentación acreditativa dos datos que obre nel sempre que se atope vixente. Así, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, BRICANTEL ESPAÑA, SL, o día 3 de abril de 2025, que presenta a documentación requirida o 11 de abril de 2025, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil, o obxecto social e o nomeamento do seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (88.948,47 €), presentan as contas. do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (107.627,65 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2022 supera esta cantidade.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Xustificante de ingreso por un importe de 5.537,58 € que cobre a garantía definitiva requirida.
- Certificado de estar ao corrente coa ATRIGA.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT e a TGSS.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 24 de abril de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar BRICANTEL ESPAÑA, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BRICANTEL ESPAÑA, SL, de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 31 de marzo de 2025.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a BRICANTEL ESPAÑA, SL o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación de elementos de xogo para o parque infantil de Miranaia (51187-446) por un prezo total de 110.751,54 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 19.221,34 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(295).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS. EXPTE. 2121/441.

Visto o informe de fiscalización do 25/04/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 24/04/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de mellora da piscina municipal de Teis (2121-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de mellora da piscina municipal de Teis (2121-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS”, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEIS MILLÓNS NOVECENTOS SETENTA E SEIS MIL NOVECENTOS CORENTA E OITO EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (6.976.948,20 €), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2025	550.000,00 €
2026	5.800.000,00 €
2027	626.948,20 €
TOTAL	6.976.948,20 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 15.11.2024.

Terceiro.- Asumir o compromiso de dotar nos orzamento inicial dos exercicios 2025, 2026 e 2027, na aplicación orzamentaria 3420.6320015 (PISCINA TEIS) - proxecto de gasto 22342009- crédito por importe de 550.000 €, 5.800.000,00 € e 626.948,20 € respectivamente.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no exercicio 2025 para a segunda anualidade nun 1.054,54% e para a terceira anualidade nun 113,99%.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 3 de abril de 2025 adoptou a seguinte resolución:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de mellora da piscina municipal de Teis (2121-441) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, SLU	84,54
2	UTE XAC - OREGA	79,53
3	UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, SA - ORECO BALGON, SA	78,89
4	UTE PISCINA TEIS	76,29
5	SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	75,56
6	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA	74,88
7	VIAS Y CONSTRUCCIONES, SA	72,65
8	UTE CITANIAS - ACEUVE	67,61

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, SLU, o día 4 de abril de 2025, que presenta a documentación requirida o día 11 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, xunto coa declaración de vixencia dos datos que figuran no mesmo, que acredita a constitución da mercantil, o seu obxecto social e o nomeamento do seu representante, así como, a súa clasificación.
- Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.

- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación obrigatoria (Grupo C, subgrupo 4, Categoría 4 e Grupo J, subgrupo 2, Categoría 4) presentan a clasificación Grupo C, subgrupo 4, Categoría 6 e Grupo J, subgrupo 2, Categoría 4.
- Aval por un importe de 259.473,28 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias do Concello de Vigo, e o certificado de inscrición no Rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia onde figuran os certificados positivos de cumprimento de obrigas tributarias (AEAT e ATRIGA) e coa Seguridade Social.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 24 de abril de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVIS GLOBAL, SLU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVIS GLOBAL, SLU, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábles mediante fórmula, de datas 24 e 31 de marzo de 2025, respectivamente.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CIVIS GLOBAL, SLU o procedemento aberto para a contratación das obras de mellora da piscina municipal de Teis (2121-441) por un prezo total do contrato de 6.279.253,38 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.089.787,78 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(296).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE VIGO VERTICAL “MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ ENTRE A RÚA MARQUÉS DE VALTERRA E RÚA TORRECEDEIRA”. EXPTE. 2018/441.

Visto o informe de fiscalización do 28/04/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 24/04/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de Vigo Vertical “Mellora da accesibilidade peonil na rúa Juan Ramón Jiménez entre a rúa Marqués de Valterra e rúa Torrecedeira” (2018-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de Vigo Vertical “Mellora da accesibilidade peonil na rúa Juan Ramón Jiménez entre a rúa Marqués de Valterra e rúa Torrecedeira” (2018-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 3 de xaneiro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto VIGO VERTICAL de “MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL NA RÚA JUAN RAMÓN JIMENEZ ENTRE A RÚA MARQUÉS DE VALTERRA E RÚA TORRECEDEIRA”, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DEZAOITO MIL CATROCENTOS DEZASEIS EUROS con DEZ CÉNTIMOS (1.018.416,10 €) segundo a distribución de anualidades proposta:

2024	100.000,00 €
2025	918.416,10 €
TOTAL	1.018.416,10 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 14.11.2024.

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1539.619.00.12 - proxecto de gasto 21153912 (VIGO VERTICAL, J.BENAVENTE-TORRECEDEIRA)- por importe de 100.000 € e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2025, na aplicación orzamentaria 1539.619.00.12 crédito por importe de 918.416,10 €.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 918,42%.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 3 de abril de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de Vigo Vertical “Mellora da accesibilidade peonil na rúa Juan Ramón Jiménez entre a rúa Marqués de Valterra e rúa Torrecedeira” (2018-441) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	NAROM, SL	93,46
2	ORECO BALGÓN, SA	92,89



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

3	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA	92,38
4	ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, SL	88,43
5	CIVIS GLOBAL, SLU	82,85
6	UTE CITANIAS (50%) - FECHI (50%)	80,84

Segunda.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM, SL, o día 4 de abril de 2025, que presenta a documentación requirida o 11 de abril de 2025, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da mercantil, o seu obxecto social e o nomeamento do seu representante así como os certificados positivos de débedas da AEAT, TXSS e a ATRIGA e a clasificación.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación obrigatoria (Grupo G, subgrupo 6, categoría 4) presentan a clasificación Grupo G, subgrupo 6, categoría 4.
- Seguro de caución por un importe de 39.650,89 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 24 de abril de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NAROM, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NAROM, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 24 e 31 de marzo de 2025 respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a NAROM, SL o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de Vigo Vertical “Mellora da accesibilidade peonil na rúa Juan Ramón Jiménez entre a rúa Marqués de Valterra e rúa Torrecedeira” (2018-441) por un prezo total do contrato de 959.551,65 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 166.533,76 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

7(297).- ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 18174/306.

Visto o informe de fiscalización do 25/04/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 24/04/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais do termo municipal de Vigo (18174-306)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais do termo municipal de Vigo (18174-306)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 17 de xaneiro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a prestación do servizo de “vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais do termo municipal de Vigo así como a execución das prestacións relativas á bandeira azul que se recollen apartado 10 do prego de prescricións técnicas particulares”, expte. 18174/306.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, asinado dixitalmente polo xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo o 08/11/2024 ao que se lle incorporan cinco anexos.

TERCEIRO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 13/01/2025.

CUARTO.- Autorizar o gasto de 819.983,66 € (IVE 21% engadido) para o ano 2025; sendo o importe do gasto (IVE 21% engadido) de 845.347,15 € para o ano 2026, 862.698,62 € para o ano 2027, 880.716,13 € para o ano 2028 subordinado á existencia do crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos ao abeiro do establecido no artigo 174 do Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, con cargo á partida orzamentaria . O Importe total do contrato é de 3.408.745,56 € IVE engadido (2.817.145 € importe sen IVE e 591.600,47 € importe da cota do IVE).

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previsto na LCSP.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 3 de abril de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do termo municipal de Vigo (18174-306) na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	SALVAR, FORMAR, Y SOCORRER, SL	95,95

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SALVAR, FORMAR, Y SOCORRER, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Certificado positivo de débedas da ATRIGA ao non ser posible, por cuestións técnicas, a súa comprobación de oficio por esta administración.

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SALVAR, FORMAR, Y SOCORRER, SL, o día 4 de abril de 2025, que presenta a documentación requirida o día 15 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil e o seu obxecto social.
- O certificado de estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa ATRIGA.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (596.530,47 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (596.530,47 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Aval por un importe de 134.970,08 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT e a TGSS.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 24 de abril de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SALVAR, FORMAR, Y SOCORRER, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SALVAR, FORMAR, Y SOCORRER, SL, de acordo cos informes de valoración das

proposicións avaliábles mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábles mediante fórmula, de datas 26 de marzo de 2025 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 3 de abril de 2025, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliáble a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SALVAR, FORMAR, Y SOCORRER, SL o procedemento aberto do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do termo municipal de Vigo (18174-306) por un prezo total do contrato de 3.266.275,82 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 566.874,31 euros e coas seguintes condicións:

- a) Propón un incremento anual do número de horas de persoal responsable do servizo con presenza física nos areas esixidas no prego de prescricións técnicas particulares de 722 (nº horas).*
- b) Comprométese a formar e certificar anualmente por parte da empresa contratista a todo persoal do servizo para o uso de desfibriladores semiautomáticos consonte ao establecido no Decreto autonómico 38/2017, do 23 de marzo.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(298).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO RALLY RÍAS BAIXAS 2025. EXPTE. 24498/333.

Visto o informe xurídico do 01/04/2025 e o informe de fiscalización do 23/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/03/2025, asinado polo xefe do servizo de Deportes, e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

1.1.- Con data 24.02.25 (Completada o 27.03.24), Daniel Rodríguez Atanes, en n/r da ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS solicitou, a través do rexistro xeral do Concello de Vigo a solicitude de subvención pola organización na cidade de Vigo do 58º Rallye Rías Baixas.

1.2.- A solicitude de subvención inclúe un orzamento equilibrado de ingresos-gastos por un importe total de 250.305,00€.

1.3.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:

- Proxecto deportivo.
- Documento acreditativo da exclusiva que ostenta a organizadora sobre o evento emitido pola Federación Española de Automobilismo.
- Certificado de ausencia de débedas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (certificado de competicións) e I.3 (declaración responsable).
- Certificado titularidade conta bancaria.
- NIF da entidade, DNI do representante.
- Estatutos.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acolledora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Neste caso o Rallye Rías Baixas é un dos eventos máis relevantes a nivel Nacional, no ámbito dos deportes de motor.

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”.

Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos

destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións dos organismos nacionais ou internacionais que ostentan os dereitos das competicións e cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

A subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-.Fomento actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos deportivos) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística creando un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio.

Segundo.- O carácter excepcional da subvención.

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade e envergadura do proxecto. Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4800005 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

O obxectivo desta actuación de fomento, responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén con eventos deportivos visibles que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

O Rally Rías Baixas cumpre a súa 58ª edición, sendo o Rally máis coñecido e emblemático a nivel autonómico e dos máis importantes a nivel nacional, formando parte da “Súper Copa de España de Rallyes”. Mantén a cidade de Vigo como centro neurálxico a nivel organizativo e directivo e localización da cerimonia de saída.

Este evento reunirá na cidade ós equipos oficiais de Skoda, Renault, Hyundai, Toyota, Peugeot, etc, así como varias das Copas de promoción de estas Marcas. Da mesma forma participarán os principais equipos Galegos da modalidade.

O evento deportivo na súa edición número 58 reunirá a 200 deportistas, mais de 180 profesionais acreditados de 90 medios de prensa, unha organización de 100 persoas e 600 voluntarios, cronometradores, responsables de ruta, peches de tramos, máis de 80 camións taller de todos os participantes de España, Francia e Portugal que poderán participar no evento, coa colaboración de protección civil, grada civil ou servizos sanitarios, para un evento totalmente gratuíto o aire libre, e que supón un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo e espectacularidade, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

Tendo en conta os antecedentes, se agarda a presenza de máis de 50.000 espectadores atendendo ós datos de edicións anteriores segundo a prensa especializada, o que converte a competición na máis seguida na cidade, ademais do seguimento que se poderá facer do evento en directo dun tramo de clasificación e das cerimonias de saída e entrega de premios a través da TVG2 Nacional e a TVG, mantendo o streaming en directo de todo o Rallye.

Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel. Considérase que a organización de este evento permite reforzar o compromiso coa sociedade e dar a coñecer o público das posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, enlaces web, redes sociais, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico-deportivo.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Terceiro.- O interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o altísimo nivel deportivo da competición, que atraerá á cidade a moitos dos es e das mellores pilotos do país.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social

Estes datos identifican claramente a envergadura do evento que se vai desenvolver na cidade, cunha repercusión internacional extraordinaria, coa presenza dos e das mellores deportistas do panorama nacional e cunha asistencia de público extraordinaria.

Esta competición ademais de servir de escaparate para a cidade, ofrecendo a oportunidade de mostrar a capacidade de Vigo como sede de grandes competicións nacionais, impulsará ó comercio local, promovendo obxectivos en liña cos obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

As características propias do evento imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais, nos seguintes argumentos:

- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como “Cidade acolledora de grandes eventos deportivos”.
- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:
 - Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
 - Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
 - O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
 - Dinamización de propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.
 - Creación de pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos para os e as deportistas vigueses mais mozos.
 - Optimización dos recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
 - Celebración de grandes competicións deportivas que potencien a práctica deportiva entre os deportistas vigueses e as deportistas viguesas.
 - Promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que a celebración deste evento deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención. Ademais, a proposta de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

subvención consta nominativamente no orzamento da Concellería de deportes do ano 2025, polo que consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia cuxa concesión canalizarase a través dun convenio cuxo texto se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

PROPOSTA

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 40.000,00€ á entidade ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS, CIF: G36645398 para a realización do evento deportivo “RALLY RÍAS BAIXAS 2025” de acordo coas condicións e compromisos que se detallan no texto do convenio anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 40.000,00€ para subvencionar a edición do ano 2025 do “RALLY RÍAS BAIXAS 2025” a favor da entidade ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS, CIF: G36645398 segundo resulta da documentación do expediente nº 24398-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4800005 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO RALLY RÍAS BAIXAS 2025(EXPTE. 24498/333).

Na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, F. Javier Pardo Espiñeira, na súa calidade de segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024)

Doutra, Damián Giráldez Barreira, na súa calidade de Presidente da Escudería Rías Baixas, CIF G.36645398e enderezo social na Alameda do Torreiro, S/N na representación da mesma, tal e como consta no Expte. 24498-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que o obxecto deste convenio é regular o outorgamento da subvención polo desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto deportivo “Rallye Rías Baixas 2025”, á entidade Escudería Rías Baixas que ostenta os dereitos de organización e representación en exclusiva do evento deportivo, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.

II.- Que a entidade Escudería Rías Baixas organizará o “Rallye Rías Baixas”, de gran e espectacularidade e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

III.- Que a exclusividade do programa consta acreditada no proxecto presentado pola entidade.

IV.- O Concello de Vigo está a potenciar a oferta deportiva que lle achega á cidadanía. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta deportiva diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores da sociedade.

V.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Fomentar a ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mocidade teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.

Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

V.- Que, conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente, ao que hai que engadir que a subvención consta nominativamente no orzamento vixente da Concellería de deportes.

VII.- Que este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

VIII.- Que o carácter deportivo se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l e 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

IX.- Que a entidade Escudería Rías Baixas non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo que para a cidade de Vigo representa a celebración do Rallye Rías Baixas, o CONCELLO e a Escudería Rías Baixas conveñen a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Escudería Rías Baixas comprométese a organizar o “Rallye Rías Baixas 2025”, conforme ao programa recollido no Anexo deste Convenio, que comprende:

1º.- Organizar o Rallye Rías Baixas 2025 achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no Anexo deste expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio.

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

6º.- Dar axeitada publicidade ao financiamento das actividades obxecto desta subvención, mediante a incorporación dos logotipos do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os seus soportes publicitarios na proporción axustada ó nivel de financiamento, adoitando as medidas necesarias para difundir axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo concello de Vigo, incorporando a imaxe institucional do Concello de Vigo no material gráfico, na web, nas presentacións públicas, actividades e demais recursos de difusión utilizados.

7º.- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados dos permisos e da realización das actividades, incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola utilización de música ambiente no desenvolvemento das actividades deportivas e de cultura urbana.

8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida

producir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio das actividades.

9º.- Elaborar e cumprir o Plan de Autoprotección e Medidas de Emerxencia necesarias deseñado para o evento asinado por técnico competente.

10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo no prazo de 45 días dende a finalización do evento.

11º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da Escudería Rías Baixas (revista, web, etc).

2º.- Conceder á Escudería Rías Baixas, unha subvención por importe de 40.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da programación, organización e execución do Rallye Rías Baixas 2025.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Tendo en conta a vixencia do convenio, a entidade deberá presentar a documentación para a xustificación no prazo comprendido entre a realización do evento deportivo e como máximo ata o 15 de Novembro de 2025. O pagamento do importe da subvención realizarase, por transferencia bancaria, á conta corrente facilitada pola entidade Escudería Rías Baixas, da que é titular.

Ata o 50% do importe de cada anualidade da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono da subvención, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositará unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Sétimo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Oitavo.- A beneficiaria terá de prazo ata o 15 de novembro de 2025 para xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturacións cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Noveno.- No caso de que a Escudería Rías Baixas se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo “Rallye Rías Baixas 2025”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención para cada unha das anualidades e a axeitada xustificación de cada unha delas, será comprobada pola área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Deportes do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo quinto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Deportes nas propias actividades programadas.

Décimo sexto.- O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2025 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación e non será prorrogábel.

Décimo sétimo.- A área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo oitavo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo noveno - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

Vixésimo.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre.

Vixésimo primeiro.- En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura dixital

9(299).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZOS AUXILIARES E MANTEMENTO DA SALA DE ESTUDOS DE NAVIA. EXPTE. 98663/332.

Visto o informe xurídico do 22/04/2025 e o informe de fiscalización do 23/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/04/2025, asinado pola xefa do servizo de Educación, e conformado pola concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de 28 de xaneiro de 2025, a concelleira da Área de Goberno de Educación resolveu autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación dun contrato maior dos servizos auxiliares e mantemento da Sala de Estudos de Navia.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinado pola xefa do Servizo de Educación e pola concelleira delegada de Educación, de data 28/01/2025.
- Resolución da concelleira da Área de Goberno de Educación de data 28/01/2025, pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación, pola concelleira da Área de Goberno de Educación e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda de data 20/03/2025.
- Documentos contables RC 27434 e RCFUT 27433, por importes de 14.073,82 e 185.891,63 euros respectivamente, de data 21/03/2025.
- Anuncio previo na Plataforma de Contratación do Sector Público, de data 24/03/2025, no que se solicita publicación no Diario Oficial da Unión Europea.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 27/03/2025, cun anexo, redactado pola xefa do Servizo de Educación.
- Declaración da redactora do PPT, asinada pola xefa do Servizo de Educación en data 27/03/2025.
- Memoria Xustificativa asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e pola concelleira da Área de Goberno de Educación de data 27/03/2025.
- Informe de 27/03/2025 da xefa do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 21/04/2025 redactado pola xefa do Servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: Servizos auxiliares de conserxería, atención ás persoas usuarias, control de accesos, información e mantemento, necesarios para o funcionamento da Sala de Estudos de Navia.

Duración: A duración estimada do contrato será por un período de 3 (tres) anos e dúas posibles prórrogas, cunha duración dun ano cada unha delas.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 66.655,15 euros.

Aplicación orzamentaria: 3260.227.9915 “Sala lectura de Navia” e bolsa de vinculación.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos auxiliares e mantemento da Sala de Estudos de Navia.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de data 27/03/2025 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 21/04/2025 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos auxiliares e mantemento da Sala de Estudos de Navia.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 199.965,45 euros (165.260,70 euros máis 34.704,75 euros en concepto de IVE a soportar pola administración), para a contratación dos servizos auxiliares e mantemento da Sala de Estudos de Navia, con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3260.227.9915 “Sala lectura de Navia, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL, do xeito seguinte:

- 14.073,82 euros correspondentes ao ano 2025;
- 66.655,15 euros correspondentes ao ano 2026;
- 66.655,15 euros correspondentes ao ano 2027;
- e 52.581,33 euros correspondentes ao ano 2028.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(300).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA, BASES REGULADORAS E EXTRACTO DAS “SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO” PARA O ANO 2025. EXPTE. 21477/77.

Visto o informe de fiscalización do 29/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/04/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Obxecto:

Dende a unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego pertencente á área de goberno de Emprego, Patrimonio, Participación cidadá, Tecnoloxía e Relación coa Empresas procédese á tramitación da convocatoria de subvencións en réxime de concorrência competitiva, de axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, deportivo, empresarial e das comunidades de montes, constituídas legalmente como tales entidades sen ánimo de lucro, para actividades de fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo, **dende 1 de agosto de 2024 ata o 31 de xullo de 2025.**

Estas axudas están dirixidas a fomentar o emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro e o fomento da estabilidade laboral do persoal contratado ou transformado en fixos ou fixos discontinuos nas últimas dúas convocatorias, co fin de reforzar a súa capacidade de autoorganización e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción da calidade de vida e benestar social da cidadanía. Con esta medida preténdese reducir a porcentaxe de desempregados/as na cidade mediante a contratación e a mellora da estabilidade laboral do maior número de postos de traballo a través da colaboración coas organizacións con presenza na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento ás persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a

modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); desde o departamento de Desenvolvemento Local e Emprego.

Neste eido cómpre destacar que en expte. núm. 21387-/77 consta remitido en data 19/02/2025 oficio (xunto cas bases reguladoras da presente convocatoria) dirixido á Dirección Xeral de Administración Local, dependente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, de solicitude de informe dacordo co establecido no artigo 7.4 LRBRL, sobre a utilización do contrato de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no Plan Municipal de Emprego 2025 do Concello de Vigo, por canto requiriría a súa consideración como programa de fomento de emprego subsumible nas políticas activas de emprego do Texto Refundido da Lei de Emprego (en cumprimento da nova DA 9ª introducida pola vixente reforma laboral).

Con data **20/03/2025** a Dirección Xeral de Administración Local, informa favorablemente o Plan Municipal de Emprego 2025 do Concello de Vigo, coas obrigas e condicionantes establecidos legalmente, dacordo co sinalado no informe da subdirectora xeral de Réxime Xurídico Local: *“... entende que non existe incompatibilidade co “PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL 2025 do Concello de Vigo, por tratarse dunhamedida municipal de fomento do emprego, complementaria ás establecidas dende a Xunta de Galicia, e a súa concesión deberá axustarse aos criterios obxectivos que recollan as bases reguladoras das axudas, sen prexuízo de que deberá terse en conta que os distintos programas de axudas establecen as ordes de convocatoria a compatibilidade para a percepción concorrente doutras axudas concedidas por administracións, entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou internacionais, para a mesma finalidade sen que en ningún caso poidan superar o custo total da actividade que vaia desenvolver a persoa ou entidade beneficiaria, ou se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente se estableza..”*

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

III. Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sindicais, sociais, deportivas, comunidades de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar **inscritas** con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria, nos epígrafes que a continuación se



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

relacionan do **Rexistro Municipal de Asociacións (RMA)**, que fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo:

- | | |
|---|--------------------------------|
| ✓ Programa I: “Entidades veciñais e culturais” | Epígrafes 10.1 e 10.5. |
| ✓ Programa II: “Entidades sociais e asistenciais” | Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1. |
| ✓ Programa III: “Organizacións sindicais” | Epígrafes 5.1 |
| ✓ Programa IV: “Entidades empresariais”. | Epígrafes 5.2 |
| ✓ Programa V: “Comunidades de Montes”. | Epígrafe 10.7 |
| ✓ Programa VI: “Entidades deportivas” | Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2 |

IV. Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase en réxime de concorrència competitiva.

V. Tramitación:

As novidades introducidas nas bases reguladoras respecto de anteriores convocatorias son as seguintes:

- Base 1ª: modifícase o período dos gastos subvencionables para permitir o financiamento daqueles nos que incorran as entidades beneficiarias, tras a finalización do período subvencionable da convocatoria do ano 2024 (31/07/2024) comprendendo, deste xeito, dende o 1 de agosto de 2024 ata o 31 de xullo de 2025.

- Base 2ª punto 10: Substitúese a expresión “transformacións de persoal temporal” por “transformación en contratos indefinido”, o obxecto desta modificación é que nas convocatorias previas se subvencionaban as transformación de contratos de persoal temporal que pasase a fixo-descontinuo ou fixo, nesta convocatoria tamén entrarán as transformación de fixos descontinuos a fixos.

- Base 3ª: Se establecen dous programas de subvencións:

3.1 PROGRAMA DE SUBVENCIÓN DE FOMENTO DO EMPREGO PARA NOVAS CONTRATACIÓNS OU TRANSFORMACIÓNS

Se establecen as modalidades de contratación subvencionadas con cargo a esta convocatoria:

A. TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS. Este apartado abrangue as transformación a indefinidos tanto de contratos temporais en fixos ou fixos descontinuos, coma a transformación de contratos fixos descontinuos en contratos fixos.

B. CONTRATACIÓN FIXA OU FIXA DESCONTINUA. No suposto de baixa voluntaria do traballador incorporase o parágrafo “A xustificación da baixa voluntaria do traballador

deberá realizarse mediante a presentación, no intre da xustificación, de certificación de empresa onde se recollese o motivo da baixa.”

C. MELLORA DA OCUPABILIDADE E INSERCIÓN LABORAL

3.2. FOMENTO DA ESTABILIDADE LABORAL DO PERSOAL CONTRATADO OU TRANSFORMADO EN FIXO OU FIXO DESCONTINUO NAS CONVOCATORIAS 2023 E 2024.

Incorporase o seguinte parágrafo: “Comprende o fomento da estabilidade do persoal de nova contratación fixo ou fixo descontinuo ou a transformación de contrato temporal ou fixo descontinuo subvencionado nas convocatorias e convenios do 2023 e 2024 do Plan Municipal de Emprego, sempre que se mantivesen vixentes sen interrupción máis aló do 31/07/2024 e se tivese dado cumprimento aos requisitos esixidos respecto do persoal seleccionado e dos procesos de selección.”

Incorporase o dato de porcentaxe máximo do 100% no suposto A) Comprende o fomento da estabilidade do persoal de nova contratación fixo ou fixo descontinuo ou a transformación de contrato temporal ou fixo descontinuo subvencionado na anualidade 2024.

3.3 OUTROS GASTOS SUBVENCIONABLES

Incorporase párrafo relativo a “Non poderá ser subvencionado persoal propio da entidade si non existe no proxecto presentado novas contratacións realizadas durante o período subvencionable ou persoal imputado na modalidade de Fomento da estabilidade laboral do persoal contratado ou transformado en fixo ou fixo descontinuo nas convocatorias 2023 e 2024.”

Na base 4ª:- Redución da contía total destinada para estas axudas pasando a 1.390.000 euros, e a cantidade destinada ao Programas III redúcese a 11.000 euros..

1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”: 245.000,00 € (dous centos corenta e cinco mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

2.- Programa II: “Entidades sociais e asistenciais”: 440.000 € (catrocentos centos corenta mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

3.- Programa III: “Organizacións sindicais”: 11.000 € (once mil euros).

4.- Programa IV: “Entidades empresariais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

5.- Programa V: “Comunidades de Montes”: 145.000,00 € (cento corenta e cinco mil euros).

6.- Programa VI: “Entidades deportivas”: 349.000,00 € (trescentos corenta e nove mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

Na base 5ª: Incorporase paragrafo relativo a “No suposto de solicitude de anticipo dita petición deberá realizarse previamente á presentación da xustificación final”



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

Na base 10ª: Incorporase un baremo mais desagregado dos criterios baremables.-

Colaboración no desenvolvemento de actividades de fomento do emprego:.....Ata 8 puntos.

1.1. Valorarase a colaboración coa concellería de Emprego, nas accións de fomento do emprego, da formación, o asesoramento e a inserción laboral.

- a) Participación en convocatorias de políticas activas de emprego da Concellería de emprego.....ata 4 puntos:
- I. Tres (3) ou máis convocatorias.....4 puntos
 - II. Dúas (2) convocatorias.....3 puntos
 - Unha (1) convocatoria2 puntos

- b) Calidade das xustificacións do importe das axudas (*).....ata 4 puntos:
- Xustificación inferior ou igual ao 25% da axuda.....2 puntos
 - Xustificación inferior ou igual ao 50% e superior ó 25%.....2,5 puntos
 - Xustificación inferior ou igual ao 75% e superior ó 50%.....3 puntos
 - Xustificación inferior ou igual ao 85% superior ó 75%.....3,5 puntos
 - Superior ó 85%.....4 puntos

(*) Aos efectos de valoración terase en conta a última xustificación realizada de convocatorias de subvencións da Concellería de emprego, inmediatamente anterior á presente convocatoria.

2. Representatividade da entidade.....Ata 2 puntos

Nº Socios

De 500 a 1000 socios1 punto

De 1001 a 1500 socios ou mais.....2 puntos

3. Calidade do proxecto.....Ata 10 puntos

3.1. Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

- a) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais....Ata 2 puntos.

Exercicio (anualidade) comenzo das actividades:

- Anualidade 2024.....0,25 puntos
- Anualidade 2023.....0,50 puntos
- Anualidade 2022.....1,00 puntos
- Anualidade 2021.....1,50 puntos
- Anualidade 2020.....2,00 puntos

- b) Estean dirixidos á promoción dos colectivos de poboación mais desfavorecidos.....Ata 2 puntos.

- Un colectivo desfavorecido.....0,25 puntos.
- Dous colectivos desfavorecidos..... 0,50 puntos.
- Tres colectivos desfavorecidos.....0,75 puntos.

- Catro colectivos desfavorecidos.....1,00 puntos.
 - Cinco colectivos desfavorecidos.....1,25 puntos.
 - Seis colectivos desfavorecidos.....1,50 puntos.
 - Sete colectivos desfavorecidos.....1,75 puntos.
 - Oito ou mais colectivos desfavorecidos.....2,00 puntos.
- c) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención.....Ata 2 puntos.
- Utilización da lingua Galega.....2 puntos.
 - Non utilización da lingua Galega.....0 puntos.
- d) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede.....Ata 1 puntos.
- Unha entidade colaboradora.....0,25 puntos.
 - Dúas entidades colaboradoras.....0,50 puntos.
 - Tres entidades colaboradoras.....0,75 puntos.
 - Catro ou mais entidades colaboradoras.....1,00 puntos.
- e) Número de actividades desenvolvidas.....Ata 1 punto
- Unha ou dúas actividades desenvolvidas.....0,50 puntos
 - Tres e catro actividades desenvolvidas.....0,75 puntos.
 - Cinco ou mais actividades desenvolvidas.....1,00 puntos.
- f) Formación prevista para o persoal contratado con cargo á subvención....Ata 1 puntos.
- Unha accións formativas.....0,25 puntos.
 - Dúas accións formativas.....0,50 puntos.
 - Tres accións formativas.....0,75 puntos.
 - Catro ou mais accións formativas.....1,00 puntos.
- g) Control de calidade (enquisas de calidade).....Ata 1 puntos.
- Posuír Control calidade (acreditado).....1,00 puntos.

Establécese a necesidade de acreditar Posuír control de calidade.

Na base 12ª: Elimínase o parágrafo no punto 8 “Dende o día seguinte á notificación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.”

Na base 13ª.2.b: Inclúese referencia as transformación de fixos descontinuos en fixos.

Na base 14ª.

3).

14ª.3.f.- Incorpórase un no anexo, o Anexo XII Documento de información ás persoas traballadoras contratadas con cargo á subvención.

14ª.4.- Inclúese o paragrafo seguinte: “ Inclúese o paragrafo seguinte: “ Os importes reflectidos e xustificadas no anexo X non poderán ser superiores aos solicitados no anexo V para cada un dos conceptos polos que se solicita a subvención”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

No apartado “Outros custos” inclúese a necesidade de presentar os xustificantes de pago das facturas.

- Anexo V: no documento incorporase mediante Java scrip as fórmulas de cálculo tanto referidas aos custes salariais e de seguridade social segundo a liña de subvención (fomento do emprego de novas contratacións e fomento da estabilidade laboral) e o computo do período temporal da contratación. Actualizado á nova convocatoria.

- Anexo IX: Substitúese os termos “Período del contrato” por “Período de imputación” modificación motivada polos contratos fixos-descontinuos.

VI. Normativa de aplicación:

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VII. Contía total e crédito orzamentario:

A contía total estimada destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario do 2025 do Concello de Vigo é de **1.390.000,00 €** (un millón trescentos noventa mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de Creación de emprego”, distribuídos entre os distintos programas de acordo co establecido nas bases reguladoras.

O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou actuación subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante

ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na liquidación final.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

VIII. Publicidade:

Publicaranse, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web (www.vigo.org) a disposición dos usuarios.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

IX. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da quinta tenente de Alcalde e Concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, nos termos da Resolución de Delegación de Competencias de Alcaldía de 28/06/2024, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe de 1.390.000,00 € (un millón trescentos noventa mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000 “rograma de axudas ao plan de Creación de emprego”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2025.

SEGUNDO: Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma, as “Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o Fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” correspondentes ao ano 2025 e os modelos de formularios oficiais que se xuntan como Anexos ao presente acordo.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web (www.vigo.org) a disposición dos usuarios.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2025.

BASE 1ª.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCÍONS

Obxecto:

As presentes bases reguladoras e a convocatoria do programa de “**SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO**” no marco da actuación municipal para o ano 2025, se integran na liña 4.7.- Fomento de actividades sociais: actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do

08.03.2024; ao seu efecto, ten por obxecto apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e o Fomento da creación e consolidación do emprego estable e de calidade no municipio.

Esta convocatoria de subvencións mediante concesión en réxime de concorrència competitiva, de axudas económicas están dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, deportivo, empresarial e das comunidades de montes, constituídas legalmente como tales entidades sen ánimo de lucro, para actividades de fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo, **dende 1 de agosto de 2024 ata o 31 de xullo de 2025** e o fomento da estabilidade laboral do persoal contratado ou transformado en fixos ou fixos descontinuos nas últimas dúas convocatorias.

Finalidade:

Estas axudas están dirixidas a fomentar a creación de emprego e favorecer a estabilidade laboral en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, co fin de reforzar a súa capacidade de autoorganización e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción da calidade de vida e benestar social da cidadanía. Con esta medida preténdese reducir, nestes anos de crise, a porcentaxe de persoas desempregadas na cidade mediante a contratación de postos de traballo ou favorecendo a continuidade de grupos e programas de actuación estables do persoal contratado nas dúas convocatorias anteriores a través da colaboración coas organizacións con presenza na cidade de Vigo.

Xa que logo, a finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e da participación cidadá, en particular:

- Facilitar a adquisición de experiencia laboral a persoas en situación de desemprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Fomentar a contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2024.
- Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das asociacións veciñais, culturais, sociais, empresariais, deportivas e ás comunidade de montes, para a mellora do emprego e a defensa de intereses xerais e sectoriais.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sen prexuízo da diversidade de actividades programadas.
- Avaliar os resultados dos programas e actividades sociais realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.
- Facilitar a inserción laboral de todos os sectores de poboación e fundamentalmente dos máis desfavorecidos.
- Fomentar a contratación para o desenvolvemento de actividades, servizos, ou emprego de novas tecnoloxías, e os programas formativos nas propias sedes das asociacións.
- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado, o asesoramento e fomento do emprendemento, a formación profesional e a integración veciñal, en xeral, de contido laboral e sociocomunitario.
- Avaliar os resultados dos programas e actividades socio/deportivos realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.
- Apoiar ás entidades deportivas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír calquera das actuacións vinculadas coas propias necesidades da xestión da diversidade dos proxectos destas entidades.
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

- Incidir na información, formación e promoción de condutas, valores cívicos e éticos en xeral, así como a promoción da sociedade plural e non discriminatoria (tolerancia, solidariedade, respecto a diversidade e integración).
- Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións e o fomento do emprendemento.

Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sindicais, sociais, deportivas, comunidades de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar **inscritas** con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria, nos epígrafes que a continuación se relacionan do **Rexistro Municipal de Asociacións (RMA)**, que fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

Xa que logo, a efectos da presente convocatoria, coa finalidade de ter en conta a diversidade e heteroxeneidade das entidades ás que vai dirixida, convócanse os programas que deseguido se relacionan en función das súas características cara ao fomento do emprego e a inserción laboral e da mellora no funcionamento das entidades, no cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

✓ Programa I:	"Entidades veciñais e culturais"	Epígrafes 10.1 e 10.5.
✓ Programa II:	"Entidades sociais e asistenciais"	Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1.
✓ Programa III:	"Organizacións sindicais"	Epígrafe 5.1
✓ Programa IV:	"Entidades empresariais".	Epígrafes 5.2
✓ Programa V:	"Comunidades de Montes".	Epígrafe 10.7
✓ Programa VI:	"Entidades deportivas"	Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2

BASE 2ª.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarias as entidades, sen ánimo de lucro, que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que estean debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións no epígrafe correspondente, con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria.
3. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
4. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesarias para acadalos. (DEBERÁN ACHEGAR CERTIFICACIÓN DA SECRETARÍA DA ENTIDADE)
5. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.
6. Que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa

Seguridade Social. O/s interesado/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o **Anexo IV** cumprimentado e asinado electronicamente. Noutro caso, será preciso achegar a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.

7. Que as persoas físicas que ostentan a representación legal das entidades beneficiarias e os seus membros asociados, non estean incursas nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.

8. Que se acompañe á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base novena desta convocatoria.

9. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, para o fomento do emprego.

10. Que realicen convocatoria pública da oferta de emprego de acordo co establecido na Base 13ª, exceptuándose no suposto de transformación en contratos indefinidos; nestes casos se terá en conta a data de transformación que ven reflectida no documento de comunicación e que se requirirá para a súa comprobación.

BASE 3º.- GASTOS SUBVENCIONABLES

3.1 PROGRAMA DE SUBVENCIÓN DE FOMENTO DO EMPREGO PARA NOVAS CONTRATACIÓNS OU TRANSFORMACIÓNS

1. A subvención cubre os **gastos salariais e de Seguridade Social** das persoas traballadoras contratadas **dende o 1/08/2024 ata o 31/07/2025** que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins que lle son propios ou derivados especificamente das contratacións realizadas para o desenvolvemento das actividades programadas.

Se establece un período **máximo** subvencionado de **9 meses** por cada posto de traballo solicitado.

Para a contratación de persoal fixo ou fixo discontinuo, a formalización dos correspondentes contratos deberá ir precedida, inescusablemente, do procedemento de selección previsto na **Base 13ª.1**

Non obstante o anterior, para as contratacións formalizadas no período de gastos subvencionable (a partir do 1/08/2024) e con anterioridade á publicación desta convocatoria de subvencións, os requisitos de publicidade referidos no parágrafo anterior se poderán suplir pola exixencia de acreditación da publicidade da oferta de emprego, a través do taboleiro de anuncios, redes sociais, páxina web da entidade, e/ou presentación da oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia ou no Portal de Emprego de Galicia, segundo o disposto na **Base 13ª.2**.

En todo caso, sexa cal fose o sistema de publicidade da oferta de emprego, só serán subvencionables os gastos do persoal contratado, sempre e cando concorran os requisitos previstos na **Base 13ª.3**

Non será exixible a realización do dito procedemento de selección, no caso do persoal cuxos contratos supoñan transformación de postos temporais en fixos ou fixos discontinuos, ou transformación de fixos discontinuos en fixos.

Débese ter en conta que no suposto de levar a cabo a contratación mediante a modalidade de Mellora da ocupabilidade e inserción laboral será preciso, independentemente do momento de formalización do contrato (dentro do período subvencionable dende o 1/08/2024), a realización da selección segundo o establecido no procedemento previsto na súa normativa reguladora mediante a solicitude de persoas candidatas á oficina de emprego tramitando a correspondente oferta ante o Servizo Público de Emprego de Galicia.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

2. As modalidades de contratación subvencionadas con cargo a esta convocatoria son:

A. TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS

Este apartado abrangue as transformación a indefinidos tanto de contratos temporais en fixos ou fixos descontínuos, coma a transformación de contratos fixos descontínuos en contratos fixos.

- Comprende a transformación a indefinido no período comprendido desde o **1 de agosto de 2024 ata o 31 de xullo de 2025** do contrato previo formalizado xunto coas súas prorroas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes realizado á persoa traballadora pola que se solicita a axuda.
- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda estará empadroadada no municipio de Vigo alomenos desde o **1 de xaneiro de 2024**, e prestará servizos no mesmo.
- A os efectos de transformacións de contratos se terá en conta a data de transformación que ven reflectida no documento de comunicación ao SEPE e que se requirirá para a súa comprobación.

B. NOVA CONTRATACIÓN FIXA OU FIXA DESCONTINUA

- Comprende a contratación por conta allea de persoas traballadoras desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, empadroadas no municipio de Vigo, cando menos, dende o **1 de xaneiro de 2024**, para prestar servizos no mesmo.

A/s contratacións deberán ir precedidas, inescusablemente, do procedemento de selección previsto na **Base 13ª.1.**

Non obstante o anterior, para as contratacións formalizadas no período de gastos subvencionable (a partir do 1/08/2024) e con anterioridade á publicación desta convocatoria de subvencións, os requisitos de publicidade referidos no parágrafo anterior se poderán suplir pola existencia de acreditación da publicidade da oferta de emprego, a través do taboleiro de anuncios, redes sociais, páxina web da entidade, e/ou presentación da oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia ou no Portal de Emprego de Galicia, segundo o disposto na **Base 13ª.2.**

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá as condicións que se determinen na data do inicio do contrato polo que se solicita a axuda: estar **inscrita no Servizo Público de Emprego**, estar **empadroadada no Concello de Vigo** alo menos desde o **1 de xaneiro de 2024**, e prestar servizos no municipio.

No suposto de que se produza a baixa definitiva da persoa traballadora seleccionada – en caso de non existir suplentes-, será preciso realizar un novo proceso de selección de acordo co establecido na base 13.1º.

Se unha persoa traballadora contratada na convocatoria anterior como persoal fixo ou fixo-descontínuo, causase baixa definitiva por decisión da entidade empregadora (despedimento/fin da actividade), non poderá ser contratada de novo con cargo á presente convocatoria para desenvolver a actividade do contrato anterior.

A xustificación da **baixa voluntaria** do traballador deberá realizarse mediante a presentación, no intre da xustificación, de **certificación de empresa onde se recollese o motivo da baixa**.

C. MELLORA DA OCUPABILIDADE E INSERCIÓN LABORAL

- Comprende a contratación por conta allea, na modalidade de **contrato para a mellora da ocupación e a inserción laboral** (modelo de contrato 405 cando a contratación se formalice a tempo completo e 505 cando se formalice a tempo parcial), dos/as traballadores/as seleccionados a través da Oficina de Emprego do SPEG (mediante oferta de emprego realizada pola entidade ao SPEG), de conformidade co establecido na normativa de aplicación a esta modalidade contractual.

- Para a contratación mediante a modalidade de Mellora da ocupabilidade e inserción laboral será preciso, a realización da selección segundo o establecido no procedemento previsto na súa normativa reguladora mediante a solicitude de persoas candidatas á oficina de emprego tramitando a correspondente oferta ante o Servizo Público de Emprego de Galicia.

As persoas traballadoras deberán cumprir os requisitos na normativa de aplicación para este tipo de contrato, entre outras, estar en situación de **desemprego e inscritas na Oficina de Emprego**, e, ademais estar **empadroadas no Concello de Vigo** polo menos desde o **1 de xaneiro de 2024**, e prestar servizos no municipio.

3.2 . PROGRAMA FOMENTO DA ESTABILIDADE LABORAL DO PERSOAL CONTRATADO OU TRANSFORMADO EN FIXO OU FIXO DESCONTINUO NAS CONVOCATORIAS 2023 E 2024

Comprende o fomento da estabilidade do persoal de nova contratación fixo ou fixo discontinuo ou a transformación de contrato temporal ou fixo discontinuo subvencionado nas convocatorias e convenios do 2023 e 2024 do Plan Municipal de Emprego, sempre que se mantivesen vixentes sen interrupción máis aló do 31/07/2024 e se tivese dado cumprimento aos requisitos esixidos respecto do persoal seleccionado e dos procesos de selección.

A) Comprende o fomento da estabilidade do persoal de nova contratación fixo ou fixo discontinuo ou a transformación de contrato temporal ou fixo discontinuo subvencionado na anualidade **2024 (dende o 1 de agosto de 2023 ata o 31 de xullo de 2024)** sempre que se mantivesen vixentes sen interrupción máis aló do **31/07/2024**, isto é, unha vez finalizado o período de gastos subvencionables naquela convocatoria.

A porcentaxe máxima a imputar dos custes salariais e de seguridade social será do **100%** dos meses imputados cun máximo de **9 mensualidades**.

B) Comprende as persoas contratadas ou transformadas en fixos ou fixos descontínuos no período subvencionable na anualidade **2024 (01/08/2023 ata 31/07/2024)** cuxos custes salariais e de seguridade social non fosen obxecto de financiamento en dita anualidade, sempre e cando se mantivesen vixentes as contratacións sen interrupción máis aló do **31/07/2024** e se cumprise co proceso de selección establecido, na Base 13ª.2 da convocatoria.

Neste suposto a porcentaxe máxima a imputar dos custes salariais e de seguridade social será do **75%** dos meses imputados cun máximo de **9 mensualidades**.

C) Comprende o fomento da estabilidade do persoal contratado fixo ou fixo discontinuo no período subvencionable na anualidade **2023 (01/08/2022 ata 31/07/2023)** e se mantivese vixente de xeito ininterrompido máis aló do 31/07/2024 e atópanse imputados ao proxecto da nova convocatoria.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

Neste suposto a porcentaxe máxima a imputar dos custes salariais e de seguridade social será do **50%** dos meses imputados cun máximo de **9 mensualidades**.

3.3 Outros gastos subvencionables:

1.- Persoal Propio da entidade:

Serán subvencionables ata un **máximo de 2 persoas** traballadoras cunha antigüidade, cada un deles, mínima na entidade solicitante de **6 meses**, previa a xustificación da súa necesidade que deberá quedar suficientemente acreditada no Anexo V, e poderán ser imputados cos seguintes porcentaxes:

- **Persoal de Coordinación ou dirección** do proxecto presentado, **ata un 30%** dos custes salariais e de seguridade social
- **Persoal Administrativo**, ata un máximo do **20%** dos custes salariais e de seguridade social

O período máximo subvencionado dos gastos do persoal da entidade **non poderá ser superior ao período do persoal imputado á subvención**.

Non poderá ser subvencionado persoal propio da entidade si non existe no proxecto presentado novas contratacións realizadas durante o período subvencionable ou persoal imputado na modalidade de Fomento da estabilidade laboral do persoal contratado ou transformado en fixo ou fixo discontinuo nas convocatorias 2023 e 2024.

2.- Os gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención só poderán imputarse ata un **máximo do 1,50%** do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade.

En ningún caso serán subvencionables os seguintes conceptos:

- a) A indemnización prevista polo artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores.
- b) Os incentivos e complementos extrasalariais que non formen parte da base de cotización.
- c) As vacacións pagadas, pero non desfrutadas.
- d) As horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.
- e) Intereses, recargos e sancións administrativas e penais imputables á entidade.
- f) Os gastos de procedementos xudiciais.
- g) Custes salariais derivados de baixas temporais.

No suposto de baixas temporais:

1. No caso de substitución da persoa traballadora titular, só serán subvencionables os custos salariais correspondentes á persoa traballadora substituta. A entidade beneficiaria da subvención deberá facerse cargo dos sobrecustos derivados das substitucións.
2. No caso de que non se substitúa a persoa traballadora titular, deberán deducirse e, de selo caso, reintegrarse os gastos salariais correspondentes ao período de baixa.

O custo dos gastos subvencionables non poderá ser superior ao valor de mercado e considerárase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade a finalización do período de xustificación determinado polas presentes bases reguladoras da subvención. As facturas teranse en conta sempre que se emitan dentro do período subvencionable do **01/08/2024 ao 31/07/2025** e o

seu concepto atópese relacionado no tempo e directamente cos trámites necesarios para o inicio e desenvolvemento da actividade subvencionada.

BASE 4ª.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

a) A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2025) do Concello de Vigo é de **1.390.000,00 €** (un millón trescentos noventa mil euros), que se imputarán con cargo á partida. 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, distribuídos do seguinte xeito:

1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”: 245.000,00 € (dous centos corenta e cinco mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

2.- Programa II: “Entidades sociais e asistenciais”: 440.000 € (catrocentos centos corenta mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

3.- Programa III: “Organizacións sindicais”: 11.000 € (cento once mil euros).

4.- Programa IV: “Entidades empresariais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

5.- Programa V: “Comunidades de Montes”: 145.000,00 € (cento corenta e cinco mil euros).

6.- Programa VI: “Entidades deportivas”: 349.000,00 € (trescentos corenta e nove mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

b) O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.

c) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

BASE 5ª.- ANTICIPO A CONTA

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da **contía total** da axuda outorgada polo Concello, previa petición razoada da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

A presentación de solicitude de anticipo deberá realizarse nun prazo **máximo de dous meses** desde a notificación de concesión da subvención.

No suposto de solicitude de anticipo dita petición deberá realizarse previamente á presentación da xustificación final.

En todo caso, a entidade deberá achegar, xunto coa solicitude de anticipo, a documentación acreditativa da realización do/s proceso/s de selección e conforme aos requisitos previstos na Base 13ª, todo elo, de conformidade co disposto na Base 14.3ª, de xeito que, se este extremo non quedase acreditado, non se poderá proceder ao pago do anticipo, salvo cando a documentación presentada integrante do dito proceso poida ser obxecto de emenda, en cuxo caso, se lle concederá un prazo de 10 días hábiles para a súa subsanación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coas entidades destinatarias da convocatoria.

BASE 6ª.- COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCÍONS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

De existir no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento da contratación e de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

BASE 7ª.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS

As entidades beneficiarias das subvencións conforme á presente normativa, están obrigadas a:

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
2. Acreditar que se realizaron os contratos e os gastos subvencionados asumindo as obrigas (salarios, impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso, entre elas que as obrigas de pago de salario se cumpren nos prazos establecidos na normativa laboral aplicable
3. Para os efectos de difusión pública, en todo lugar ou lugares onde se realicen as actividades, deberá figurar de forma visible, cartel informativo, segundo o **Anexo VII** aprobado nesta convocatoria para todas aquelas entidades que o soliciten, no que constará o financiamento do Concello de Vigo. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade, ata a finalización do ano 2025, publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento dos gastos de contratación e fomento do emprego da asociación e, en xeral, da inserción laboral, o fomento do emprego, do asociacionismo e da participación cidadá.

4. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira.
5. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
6. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
8. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
9. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
10. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
11. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.
12. Cumprir cos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

BASE 8ª.- PRAZO E PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e **asinadas electronicamente** polo representante legal da entidade con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar **unha** solicitude.

BASE 9ª.- DOCUMENTACIÓN

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

Os solicitantes anexarán á solicitud a documentación que se indica a continuación:

a) Anexo I: Solicitud:

- Datos da entidade solicitante.
- Datos do/a representante legal da entidade.
- Dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- Sinatura electrónica do representante legal da entidade: deberán asinar electronicamente a solicitud **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

No caso de solicitar subvención para os gastos de persoal para fomento da estabilidade laboral en calquera dos supostos recollidos para dita modalidade nas presentes bases a entidade solicitante deberá facelo constar así, en documento adxunto á solicitud de subvención, indicando o nome, apelidos e DNI do/as traballador/as, posto/s de traballo, número meses contratados, e as datas de publicación da oferta, de formalización do/s contrato/s e, de selo caso, de finalización do/s mesmo/s, e sen prexuízo da obriga de reflectir os datos correspondentes no **Anexo V**.

b) Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

d) Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

e) Anexo V: Proxecto de contratacións a realizar asinado electronicamente polo representante legal da entidade.

Para a determinación do período temporal de duración dos contratos establecidos polas entidades e o conseqüente cálculo dos salarios e seguridade social que poderán ser imputados en base a dito período á subvención deberá axustarse a seguinte fórmula; o número de días comprendidos entre a data de inicio das contratacións e a data de finalización entre 30 días mensuais. Deberá terse en conta que a data límite de finalización para o computo será o último día do período subvencionable 31/07/2025.

Os cálculos para a solicitud e a xustificación deberán facerse en base a 30 días mensuais.

f) Certificación asinada polo/a secretario/a ou persoa habilitada para o efecto pola entidade na que se indique a **composición da xunta directiva** na data de publicación da convocatoria (cargo, nome, apelidos e DNI), xunto co **compromiso** de comunicar, nun prazo máximo de dez días hábiles seguintes, calquera modificación que se produza na composición do dito órgano con posterioridade á presentación da solicitude de subvención, e na que conste o **nº de socios** e se a entidade solicitante ten **estrutura suficiente** para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos, así como, a **experiencia e capacidade** necesarias para acadalos.

g) Informe de vida laboral do código de conta de cotización onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da asociación no intre de presentación da solicitude.

h) Calquera outra comunicación de **modificación ou actualización de datos da entidade** que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

BASE 10ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no correspondente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible para cada exercicio.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

1. Colaboración no desenvolvemento de actividades de fomento do emprego:.....Ata 8 puntos.
 - 1.1. Valorarase a colaboración coa concellería de Emprego, nas accións de fomento do emprego, da formación, o asesoramento e a inserción laboral.
 - a) Participación en convocatorias de políticas activas de emprego da Concellería de emprego.....ata 4 puntos:
 - I. Tres (3) ou máis convocatorias.....4 puntos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

- II. Dúas (2) convocatorias.....3 puntos
- Unha (1) convocatoria2 puntos
- b) Calidade das xustificacións do importe das axudas (*).....ata 4 puntos:
- Xustificación inferior ou igual ao 25% da axuda.....2 puntos
 - Xustificación inferior ou igual ao 50% e superior ó 25%.....2,5 puntos
 - Xustificación inferior ou igual ao 75% e superior ó 50%.....3 puntos
 - Xustificación inferior ou igual ao 85% superior ó 75%.....3,5 puntos
 - Superior ó 85%.....4 puntos
- (*) Aos efectos de valoración terase en conta a última xustificación realizada de convocatorias de subvencións da Concellería de emprego, inmediatamente anterior á presente convocatoria.
2. Representatividade da entidade.....Ata 2 puntos
- Nº Socios
- De 500 a 1000 socios1 punto
- De 1001 a 1500 socios ou mais.....2 puntos
3. Calidade do proxecto.....Ata 10 puntos
- 3.1. Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:
- a) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais....Ata 2 puntos.
- Exercicio (anualidade) comenzo das actividades:
- Anualidade 2024.....0,25 puntos
 - Anualidade 2023.....0,50 puntos
 - Anualidade 2022.....1,00 puntos
 - Anualidade 2021.....1,50 puntos
 - Anualidade 2020.....2,00 puntos
- b) Estean dirixidos á promoción dos colectivos de poboación mais desfavorecidos.....Ata 2 puntos.
- Un colectivo desfavorecido.....0,25 puntos.
 - Dous colectivos desfavorecidos..... 0,50 puntos.
 - Tres colectivos desfavorecidos.....0,75 puntos.
 - Catro colectivos desfavorecidos.....1,00 puntos.
 - Cinco colectivos desfavorecidos.....1,25 puntos.
 - Seis colectivos desfavorecidos.....1,50 puntos.
 - Sete colectivos desfavorecidos.....1,75 puntos.
 - Oito ou mais colectivos desfavorecidos.....2,00 puntos.
- c) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención.....Ata 2 puntos.
- Utilización da lingua Galega.....2 puntos.
 - Non utilización da lingua Galega.....0 puntos.
- d) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede.....Ata 1 puntos.

- Unha entidade colaboradora.....0,25 puntos.
- Duas entidades colaboradoras.....0,50 puntos.
- Tres entidades colaboradoras.....0,75 puntos.
- Catro ou mais entidades colaboradoras.....1,00 puntos.
- e) Número de actividades desenvolvidas.....Ata 1 punto
 - Unha ou dúas actividades desenvolvidas.....0,50 puntos
 - Tres e catro actividades desenvolvidas.....0,75 puntos.
 - Cinco ou mais actividades desenvolvidas.....1,00 puntos.
- f) Formación prevista para o persoal contratado con cargo á subvención.....Ata 1 puntos.
 - Unha accións formativas.....0,25 puntos.
 - Duas accións formativas.....0,50 puntos.
 - Tres accións formativas.....0,75 puntos.
 - Catro ou mais accións formativas.....1,00 puntos.
- g) Control de calidade (enquisas de calidade).....Ata 1 puntos.
 - Posuír Control calidade (acreditado).....1,00 puntos.

No caso de que o proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de tres puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

4. Calidade e cantidade dos contratos.-.....Ata 30 puntos.
 - 4.1. Número de beneficiarios/as.....1 punto por contrato.
 - 4.2. Modalidade de contratación:
 - 4.2.1. Fomento do emprego
 - I. Contrato mellora ocupabilidade..... 1,00 punto por contrato.
 - II. Contrato fixo discontinuo.....1,50 punto por contrato.
 - III. Contrato fixo.....2,25 punto por contrato.
 - 4.2.2. Fomento da estabilidade laboral
 - I. Contrato fixo discontinuo.....1,50 punto por contrato.
 - II. Contrato fixo.....2,25 punto por contrato.
 - 4.3 Xornada:
 - a) Completa.....1,00 puntos por contrato
 - b) Reducida superior ao 50% da xornada.....0,75 puntos por contrato
 - c) Reducida igual ou inferior ao 50% e superior ao 15%.....0,50 puntos por contrato
 - d) Reducida igual ou inferior ao 15%.....0,25 puntos por contrato

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Emprego do Concello de Vigo.

BASE 11ª.- PREAVALIACIÓN DAS SOLICITUDES E SUPOSTOS DE DESESTIMACIÓN

Nesta fase de preavaliación, verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

Unha vez examinada a documentación achegada polas entidades, desestimarase as seguintes solicitudes:

- 1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

- Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
- Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.
- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.
- Cando non se axuste á solicitude o proxecto de actividades que fundamentan a concesión da subvención.

2- Con carácter xeral:

- Aquelas que non cumpran cos requisitos establecidos na Base 2ª desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias.
- Aquelas que non tivesen achegado a correspondente/s renuncia/s cando proceda, no exercicio orzamentario anterior á presente convocatoria.
- Aquelas solicitudes para Programas que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola Concellería de Emprego, no vixente exercicio orzamentario.

BASE 12ª.- PROCEDEMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

2.- O Servizo de Desenvolvemento Local, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun **prazo máximo e improrrogable de dez (10) días**, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O/a Concelleiro/a da Área de Goberno de Emprego ou concelleiro en quen delegue.
- 2 Vogais: O/a xefe/a de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local ou persoa que a substitúa e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

A/o concelleira/o da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión. A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

5- As solicitudes avaliaranse en atención á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada. Poderase modificar á baixa o período de contratación solicitado e/ou o número máximo de traballadores/as que se vaian subvencionar, segundo se entenda xustificado adecuadamente o obxecto e necesidade do proxecto, así como as funcións que van levar a cabo as mesmas.

A modificación realizarase en base á seguinte prelación:

1. Redución do período de contratación sempre que non desvirtúe os obxectivos do proxecto presentado.
2. Redución da xornada laboral do persoal a contratar e ata un mínimo do 50%.
3. Redución da porcentaxe dos custes salariais do persoal da entidade con cargo ao proxecto.
4. Redución do número de persoas desempregadas a contratar.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **nove meses** contados a partir da publicación do extracto da convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

7. A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8. Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9. O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10. Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou-no prazo establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

11. A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, no vindeiro exercicio orzamentario.

12. O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas, doutro/s dos programas a proposta da Comisión de Valoración, distribuindo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas.

BASE 13ª.- SELECCIÓN DE PERSOAL POLAS ENTIDADES BENEFICIARIAS DAS AXUDAS

13.1. PROCEDEMENTO A SEGUIR PARA A CONTRATACIÓN

As entidades solicitantes deberán realizar a convocatoria pública da oferta de emprego, cando menos, **5 días antes** da realización da selección mediante os seguintes medios:

a) Inserción de anuncios na páxina web, rede social e/ou taboleiro de anuncios da entidade.

b) Inserción na páxina web municipal “Asociacións en rede” (<http://asociacions.vigo.org>), no formato establecido no **Anexo VI. A entidade deberán presentar dúas ofertas unha asinada electronicamente polo representante da entidade e outra sen sinatura**, con expresión da Asociación que realiza a oferta, os posto/s ofertado/s e perfil/ís solicitado/s cos requisitos

esixidos na convocatoria, data de publicación da oferta e data límite de presentación de currículums (o prazo mínimo de publicación da oferta será de 5 días hábiles entre o día de publicación e a data de presentación de currículums), que será enviado pola entidade en formato dixital ao enderezo electrónico ofi.emplo@vigo.org, cando menos **cun día hábil de antelación** á data de publicación, indicando no asunto **“OFERTA DE EMPREGO SUBVENCÍONS FOMENTO”**

c) Exposición da convocatoria pública da oferta de emprego no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e no Centro de Iniciativas de Emprego, no formato establecido no Anexo VI Con expresión da Asociación que realiza a oferta, os posto/s ofertado/s e perfil/is solicitado/s cos requisitos esixidos na convocatoria, data de presentación de currículums e data de publicación), que será enviado pola entidade en formato dixital ao enderezo electrónico ofi.emplo@vigo.org, cando menos **cun día hábil de antelación** á data de publicación, indicando no asunto **“OFERTA DE EMPREGO SUBVENCÍONS FOMENTO”**

Unha vez efectuada a publicación da oferta na páxina web municipal “Asociacións en rede” polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a través do enderezo de correo electrónico facilitado pola entidade solicitante, se lle remitirá mensaxe de confirmación da publicación ou, de selo caso, o requirimento de emenda cando a oferta non se axuste ao disposto nestas bases ou ao proxecto presentado (Anexo V).

O/A secretario/a de cada entidade certificará a publicación das ofertas de emprego dos postos a contratar.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo, a entidade beneficiaria poderá acordar a selección e proceder á súa contratación. A documentación xustificativa do dito proceso será remitida xunto coa xustificación e solicitude de pago da axuda, conforme ao previsto na Base 14ª, ou ben, de selo caso, xunto coa solicitude de anticipo.

Cando se produza o cese ou interrupción do contrato de traballo da persoa contratada por causa de baixa temporal ou outra debidamente acreditada, a entidade deberá comunicalo motivadamente ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego propondo, de selo caso, a súa substitución pola seguinte persoa candidata da listaxe de suplentes, ata esgotar a listaxe de reserva. Soamente no suposto de non haber suplentes, o cal deberá quedar debidamente acreditado no expediente, se poderá solicitar unha nova convocatoria do proceso de selección.

A selección do persoal deberá axustarse ao solicitado no Proxecto de contratacións (Anexo V), de xeito que, unha vez aprobada a concesión da subvención non se poderán realizar modificacións dos postos de traballo a contratar previstos no dito proxecto salvo no suposto excepcional derivado de circunstancias que non se puideron prever no momento da súa presentación, en cuxo caso, previa solicitude razoada da entidade beneficiaria na que se acrediten debidamente as circunstancias concorrentes, se poderá proceder á modificación do posto de traballo solicitado, sempre que permanezan inalterables as demais características do proxecto de contratación, especialmente, en canto ao número de postos e a categoría ou grupo profesional, e que a modificación non supoña incremento do importe inicialmente solicitado, debendo obter a **conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego con carácter previo á convocatoria do proceso de selección**.

13.2 EXCEPCIÓNS AO PROCEDIMENTO PREVISTO NO PARÁGRAFO ANTERIOR:

a) Persoal cuxos contratos xa fosen formalizados dentro das convocatorias dos anos 2023 e 2024 seguindo o procedemento da Base 13ª.1 e se mantivesen vixentes sen interrupción máis aló do 31/07/2024, isto é, unha vez finalizado o período de gastos subvencionables naquela convocatoria.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

Neste caso, a entidade solicitante deberá facer constar esta circunstancia en documento adxunto á solicitude de subvención, indicando o nome, apelidos e DNI do/as traballador/as, posto/s de traballo, número meses contratados, e as datas de publicación da oferta, de formalización do/s contrato/s e, de selo caso, de finalización do/s mesmo/s, e sen prexuízo da obriga de reflectir os datos correspondentes no Anexo V.

b) Persoal cuxos contratos supoñan transformación de postos temporais en fixos ou fixos discontinuos, ou transformación de fixos discontinuos en fixos..

c) Persoal fixo ou fixo discontinuo contratado dentro do período subvencionable (a partir do 1/08/2024) e antes da publicación desta convocatoria de subvencións, en cuxo caso, as entidades beneficiarias da axuda deberán acreditar a publicidade da oferta de emprego, a través do seu taboleiro de anuncios, páxina web e redes sociais e/ou a presentación da oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia ou no Portal de Emprego de Galicia, debendo concorrer, en todo caso, no persoal contratado, os requisitos que se indican na **Base 13.3**.

d) Persoal contratado na modalidade de mellora da ocupabilidade e inserción laboral, na que, o procedemento de selección a seguir, será o previsto na súa normativa reguladora e se substanciará ante a correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego

Cando se produza o cese ou interrupción do contrato de traballo da persoa contratada por causa de baixa temporal ou outra debidamente acreditada, a entidade deberá seguir o procedemento indicado **Base 13** para proceder á provisión do posto vacante.

13.3 REQUISITOS DAS PERSOAS SELECCIONADAS

Todo o persoal seleccionado pola entidade, nas convocatorias de ofertas de emprego realizadas con anterioridade ou posterioridade á publicación desta convocatoria de subvencións deberán cumprir cos seguintes requisitos:

1. Inscripción como **persoa desempregada demandante de emprego**, cando menos, **desde a data da publicación da oferta de emprego** formulada pola entidade ante o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego (contratos fixos ou fixos discontinuos) ou a Oficina de Emprego (contratos para mellora da ocupabilidade e inserción laboral) antes da finalización do prazo de presentación e recepción de currículum polas persoas interesadas en participar no proceso, establecido na dita oferta.
2. **Empadramento no Concello de Vigo**, cando menos desde o **1 de xaneiro de 2024**.
3. **Non ostentar cargo ou posto na xunta directiva** ou órgano de goberno da entidade á data de publicación da convocatoria de subvencións ou posterior.

Os anteriores requisitos deberán cumprirse no momento da selección e da contratación debendo ser verificados polas entidades solicitantes, sen prexuízo da realización das oportunas comprobacións posteriores polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego

BASE 14ª.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

A entidade beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, e a aplicación dos fondos recibidos no prazo **dun (1) mes** a contar **desde o remate das accións** de fomento do emprego ou fomento da estabilidade laboral subvencionado, agás no caso de

que aquelas rematen na segunda quincena de xullo, en cuxo caso, o prazo finalizará **o 31 de agosto de 2025**.

A tal efecto deberá achegar electronicamente unha **conta xustificativa** que estará integrada pola documentación que se indica a continuación:

1º) Declaración responsable asinada electronicamente polo representante legal da entidade (Anexo VIII) na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

2º) Memoria de actividades realizadas asinada electronicamente polo representante legal da entidade (Anexo IX), conforme ao proxecto achegado coa solicitude, no que fundamentaron a concesión da/s subvención/s realizadas, e na que deberá figurar, como mínimo, e para cada unha delas, a seguinte información:

- Denominación do proxecto.
- Financiamento.
- Contratacións realizadas:
 - Novas contratacións:
 - Denominación do/s posto/s.
 - Perfís profesionais
 - Persoas contratadas.
 - Período de contratación.
 - Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.
 - Persoal imputado nas convocatorias anteriores.- Fomento da estabilidade
 - Presentación de documento de Chamamento comunicado ao SPEG co período de contratación.
- Contratos do persoal da entidade para o desenvolvemento do proxecto:
 - Denominación do posto.
 - Perfil profesional.
 - Persoa asignada ao proxecto.
 - Período de traballo.
 - Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.
- Nos cursos de formación realizados ao persoal contratado con cargo a subvencións explicitarase:
 - Programa do curso.
 - Horas de formación.
 - Identificación dos participantes e do monitor/a con apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
 - Folla de asistencia asinada polos participantes e o/a monitor/a ou diplomas acreditativos da formación recibida.
- Actuacións realizadas por persoal contratado con cargo á subvención.
 - Datas e lugar de celebración.
 - Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
- Material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada co fomento do emprego.
- Memoria de prensa e comunicación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

➤ Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado do lugar de traballo e na páxina web da entidade ou en calquera outra na que se difundan as actividades desenvolvidas polo persoal contratado e/ou asignado con cargo á subvención, do logotipo e/ou cartel oficial da convocatoria do Concello de Vigo, e para cada unha das actividades levadas a cabo, a difusión pública do cofinanciamento, en todo caso, para a actividades executadas con posterioridade á presentación das solicitudes de subvencións.

3º) Memoria das contratacións realizadas con cargo á subvencións, conforme á Base 13ª

As entidades beneficiarias deberán acreditar o cumprimento do disposto na Base 13ª en canto ao procedemento de selección do persoal, en particular, a realización da convocatoria pública da oferta de emprego nos termos expostos nos apartados a), b) e c) da devandita Base, debendo remitir, en documento aparte, a documentación resultante do proceso de selección, asinada electronicamente polo/a representante da entidade, indicando no asunto “**DOCUMENTACIÓN BASE 13 PROCESO SELECCIÓN SUBVENCIONES FOMENTO DO EMPREGO**” e tal e como se indica a continuación:

- a) **Certificado do/a secretario/a** da entidade indicando o período de publicación das ofertas de emprego dos postos a contratar e a publicación da/s oferta/s de emprego na páxina web, rede social e/ou taboleiro de anuncios da entidade. Nos supostos de contratacións para mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, deberán achegar a **Oferta de emprego** presentada e debidamente selada, incluído o número da mesma, tramitada pola Oficina do Servizo Público de Emprego.
- b) **Certificado do/a secretario/a** da entidade coa listaxe das persoas presentadas a cada un dos postos a contratar, con indicación da/s persoa/s seleccionada/s e, no seu caso, das suplentes. Nas contratacións para mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, deberase achegar o informe que presenta a relación de persoas candidatas ao/s posto/s remitida pola Oficina do Servizo Público de Emprego cos resultados do proceso.
- c) Para os supostos de novas contratacións DNI, tarxeta de demanda de emprego ou informe de períodos de inscrición no SEPE, informe de vida laboral actualizada, certificado de empadramento actualizado e currículo das persoas propostas para a contratación, e das suplentes, se as houbera. A documentación deberá estar actualizada á data de publicación da oferta de emprego
No caso de transformacións deberán achegar DNI, vida laboral actualizada, certificado de empadramento actualizado, declaración responsable de que non forma parte da Xunta directiva e documento de comunicación ao Servizo Público de Emprego da transformación.
- d) Declaración responsable do/a representante da entidade conforme, cando menos, dende a data da publicación da convocatoria as persoa/s seleccionada/s, non ostentaban nin ocupan cargo algún na xunta directiva ou órgano de goberno da entidade.
- e) **Informe de vida laboral do código de conta de cotización** onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da asociación, dende a data de inicio do período subvencionable (01/08/2024)
- f) Documento de información ás persoas traballadoras contratadas con cargo á subvención segundo o modelo do **anexo XII**.

g) Calquera outra documentación relacionada co proceso e que lle sexa requirida polo servizo.

4º) **Memoria económica:** as entidades beneficiarias achegarán a través da sede electrónica unha memoria económica **asinada electronicamente en .pdf** coa relación dos **custos salariais e de seguridade social**, así coma dos **outros custos** (gastos financeiros e de xestión), segundo o modelo a disposición na sede electrónica (**Anexo X - folla de cálculo**, que tamén remitirán por correo electrónico a ofi.emplo@vigo.org), que incluírá unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electronicamente das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

Os importes reflectidos e xustificados no anexo X non poderán ser superiores aos solicitados no anexo V para cada un dos conceptos polos que se solicita a subvención.

Indicarán o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e doutras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada:

- **Custos salariais:** para a xustificación das retribucións de persoal achegarán a seguinte documentación que deberase presentar ordenada e de maneira clara:

- **Contrato de traballo** comunicado á correspondente Oficina do Servizo Público de Emprego e **informe de vida laboral** expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación do/s novo/s traballador/es fixo/s ou fixo/s descontinuo/s contratado/s ou con data posterior á data de transformación do contrato **temporal** en indefinido.

- **Contrato de traballo de mellora da ocupabilidade e da inserción laboral** comunicado á correspondente Oficina do Servizo Público de Emprego e informe de vida laboral expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación.

- **Contratos de traballo e/ou vida laboral do persoal da entidade** con cargo á subvención.

- No caso das **transformacións é preciso a presentación da comunicación** das transformacións presentada ao SEPE e se terá en conta a data de transformación que ven reflectida no documento de comunicación.

- Nóminas correspondente aos meses imputados xunto cos xustificantes do seu pagamento (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións bancarias).

- Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (xunto co seu xustificante de pago) e Relación nominal de traballadores.

- Modelo 111 (Impreso da liquidación nominal do IRPF) (xunto cos xustificantes do seu pagamento).

- **Outros custos:** reflectiranse na táboa correspondente do **Anexo X** todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel, xunto cos xustificantes de pago das mesmas, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**, Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

- En caso de exención do IVE achegárase unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE (**Anexo XI**) ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.

5º) **A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade non autorizou ao Concello para a súa expedición por medios telemáticos deberá achegar de novo os certificados



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

correspondentes ou a declaración responsable naqueles supostos previstos no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

6º) Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a existencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

BASE 15ª.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederáase a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de **dez (10) días hábiles** para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 35/2015 do PAC das AAPP.

O persoal técnico do servizo, será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou daquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación ou desistimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

BASE 16ª.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, en relación aos expedientes de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

BASE 17ª.- ABOAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezan de vixencia.

Así mesmo, lémbrese que as entidades beneficiarias están obrigadas a comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

BASE 18ª.- PERDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCÍONS

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido.
- O disposto na Base 13ª da convocatoria, cando as contratacións do persoal non se axusten ao procedemento previsto nestas bases ou ao solicitado no proxecto (**Anexo V**), ou ben, cando a/s persoa/s contratada/s non reúnan os requisitos establecidos nas bases da convocatoria e/ou na oferta de emprego (**Anexo VI**)
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Cuarta.
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións.
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento.
- Adopción de medidas de difusión do financiamento público recibido nos termos previstos nestas Bases.
- Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade, co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

No caso de que, por concorrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custo dos proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

BASE 19ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

BASE 20ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

BASE 21ª.- PUBLICIDADE

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de

decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2025.

Primeiro. Obxecto e Finalidade.

Esta convocatoria de subvencións mediante concesión en réxime de concorrència competitiva, de axudas económicas están dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, deportivo, empresarial e das comunidades de montes, constituídas legalmente como tales entidades sen ánimo de lucro, para actividades de fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo, **dende 1 de agosto de 2024 ata o 31 de xullo de 2025** e o fomento da estabilidade laboral do persoal contratado ou transformado en fixos ou fixos discontinuos nas últimas dúas convocatorias.

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e da participación cidadá, en particular:

- Facilitar a adquisición de experiencia laboral a persoas en situación de desemprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Fomentar a contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2024.
- Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das asociacións veciñais, culturais, sociais, empresariais, deportivas e ás comunidade de montes, para a mellora do emprego e a defensa de intereses xerais e sectoriais.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sen prexuízo da diversidade de actividades programadas.
- Avaliar os resultados dos programas e actividades sociais realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.
- Facilitar a inserción laboral de todos os sectores de poboación e fundamentalmente dos máis desfavorecidos.
- Fomentar a contratación para o desenvolvemento de actividades, servizos, ou emprego de novas tecnoloxías, e os programas formativos nas propias sedes das asociacións.
- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado, o asesoramento e fomento do emprendemento, a formación profesional e a integración veciñal, en xeral, de contido laboral e sociocomunitario.

- Avaliar os resultados dos programas e actividades socio/deportivos realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.
- Apoiar ás entidades deportivas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír calquera das actuacións vinculadas coas propias necesidades da xestión da diversidade dos proxectos destas entidades.
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.
- Incidir na información, formación e promoción de condutas, valores cívicos e éticos en xeral, así como a promoción da sociedade plural e non discriminatoria (tolerancia, solidariedade, respecto a diversidade e integración).
- Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións e o fomento do emprendemento.

Segundo. Beneficiarias.

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sindicais, sociais, deportivas, comunidades de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar **inscritas** con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria, nos epígrafes que a continuación se relacionan do **Rexistro Municipal de Asociacións (RMA)**, que fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

Xa que logo, a efectos da presente convocatoria, coa finalidade de ter en conta a diversidade e heteroxeneidade das entidades ás que vai dirixida, convócanse os programas que deseguido se relacionan en función das súas características cara ao fomento do emprego e a inserción laboral e da mellora no funcionamento das entidades, no cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

- | | | |
|-----------------|------------------------------------|--------------------------------|
| ✓ Programa I: | “Entidades veciñais e culturais” | Epígrafes 10.1 e 10.5. |
| ✓ Programa II: | “Entidades sociais e asistenciais” | Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1. |
| ✓ Programa III: | “Organizacións sindicais” | Epígrafe 5.1 |
| ✓ Programa IV: | “Entidades empresariais”. | Epígrafes 5.2 |
| ✓ Programa V: | “Comunidades de Montes”. | Epígrafe 10.7 |
| ✓ Programa VI: | “Entidades deportivas” | Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2 |

Terceiro. Réxime da convocatoria.

A convocatoria realízase en réxime de concorrência competitiva.

Cuarto. Normativa e bases reguladoras.

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Quinto. Contía das axudas.

a) A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2024) do Concello de Vigo é de **1.390.000,00 €** (un millón trescentos noventa mil euros), que se imputarán con cargo á partida. 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, distribuídos do seguinte xeito:

1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”: 245.000,00 € (dous centos corenta e cinco mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

2.- Programa II: “Entidades sociais e asistenciais”: 440.000 € (catrocentos centos corenta mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

3.- Programa III: “Organizacións sindicais”: 11.000 € (once mil euros).

4.- Programa IV: “Entidades empresariais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

5.- Programa V: “Comunidades de Montes”: 145.000,00 € (cento corenta e cinco mil euros).

6.- Programa VI: “Entidades deportivas”: 349.000,00 € (trescentos corenta e nove mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

b) O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.

c) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e **asinadas electronicamente** polo representante legal da entidade con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar **unha** solicitude.

Sétimo: Documentación

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

a) Anexo I: Solicitude:

- Datos da entidade solicitante.
- Datos do/a representante legal da entidade.
- Dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- Sinatura electrónica do representante legal da entidade: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

No caso de solicitar subvención para os gastos de persoal para fomento da estabilidade laboral en calquera dos supostos recollidos para dita modalidade nas presentes bases a entidade solicitante deberá facelo constar así, en documento adxunto á solicitude de subvención, indicando o nome, apelidos e DNI do/as traballador/as, posto/s de traballo, número meses contratados, e as datas de publicación da oferta, de formalización do/s contrato/s e, de selo caso, de finalización do/s mesmo/s, e sen prexuízo da obriga de reflectir os datos correspondentes no **Anexo V**.

b) Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

d) Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

e) Anexo V: Proxecto de contratacións a realizar asinado electronicamente polo representante legal da entidade.

Para a determinación do período temporal de duración dos contratos establecidos polas entidades e o conseqüente cálculo dos salarios e seguridade social que poderán ser imputados en base a dito período á subvención deberá axustarse a seguinte fórmula; o número de días comprendidos entre a data de inicio das contratacións e a data de finalización entre 30 días mensuais. Deberá terse en conta que a data límite de finalización para o computo será o último día do período subvencionable 31/07/2025.

Os cálculos para a solicitude e a xustificación deberán facerse en base a 30 días mensuais.

f) Certificación asinada polo/a secretario/a ou persoa habilitada para o efecto pola entidade na que se indique a **composición da xunta directiva** na data de publicación da convocatoria (cargos, nomes, apelidos e DNI), xunto co **compromiso** de comunicar, nun prazo máximo de dez días hábiles seguintes, calquera modificación que se produza na composición do dito órgano con posterioridade á presentación da solicitude de subvención, e na que conste o **nº de socios** e se a entidade solicitante ten **estrutura suficiente** para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos, así como, a **experiencia e capacidade** necesarias para acadalos.

g) Informe de vida laboral do código de conta de cotización onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da asociación no intre de presentación da solicitude.

h) Calquera outra comunicación de modificación ou actualización de datos da entidade que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Oitavo. PROCEDIMENTO: Instrución, Resolución, Notificación E/Ou Publicación, Recursos e Renuncia.

1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

2.- O Servizo de Desenvolvemento Local, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun **prazo máximo e improrrogable de dez (10) días**, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O/a Concelleiro/a da Área de Goberno de Emprego ou concelleiro en quen delegue.
- 2 Vogais: O/a xefe/a de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local ou persoa que a substitúa e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

A/o concelleira/o da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión. A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

5- As solicitudes avaliaranse en atención á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada. Poderase modificar á baixa o período de contratación solicitado e/ou o número máximo de traballadores/as que se vaian subvencionar, segundo se entenda xustificado adecuadamente o obxecto e necesidade do proxecto, así como as funcións que van levar a cabo as mesmas.

A modificación realizarase en base á seguinte prelación:

1. Redución do período de contratación sempre que non desvirtúe os obxectivos do proxecto presentado.
2. Redución da xornada laboral do persoal a contratar e ata un mínimo do 50%.

3. Redución da porcentaxe dos custes salariais do persoal da entidade con cargo ao proxecto.

4. Redución do número de persoas desempregadas a contratar.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **nove meses** contados a partir da publicación do extracto da convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusos/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

7. A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8. Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9. O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10. Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou-no prazo establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

11. A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, no vindeiro exercicio orzamentario.

12. O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas, doutro/s dos programas a proposta da Comisión de Valoración, distribuindo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas.

Noveno. Criterios de valoración.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no correspondente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible para cada exercicio.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

1. Colaboración no desenvolvemento de actividades de fomento do emprego:.....Ata 8 puntos.

1.1. Valorarase a colaboración coa concellería de Emprego, nas accións de fomento do emprego, da formación, o asesoramento e a inserción laboral.

a) Participación en convocatorias de políticas activas de emprego da Concellería de emprego.....ata 4 puntos:

- I. Tres (3) ou máis convocatorias.....4 puntos
- II. Dúas (2) convocatorias.....3 puntos
 - Unha (1) convocatoria2 puntos

b) Calidade das xustificacións do importe das axudas (*).....ata 4 puntos:

- Xustificación inferior ou igual ao 25% da axuda.....2 puntos
- Xustificación inferior ou igual ao 50% e superior ó 25%.....2,5 puntos
- Xustificación inferior ou igual ao 75% e superior ó 50%.....3 puntos
- Xustificación inferior ou igual ao 85% superior ó 75%.....3,5 puntos
- Superior ó 85%.....4 puntos

(*) Aos efectos de valoración terase en conta a última xustificación realizada de convocatorias de subvencións da Concellería de emprego, inmediatamente anterior á presente convocatoria.

2. Representatividade da entidade.....Ata 2 puntos

Nº Socios

De 500 a 1000 socios1 punto

De 1001 a 1500 socios ou mais.....2 puntos

3. Calidade do proxecto.....Ata 10 puntos
- 3.1. Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:
- a) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais....Ata 2 puntos.
Exercicio (anualidade) comenzo das actividades:
 - Anualidade 2024.....0,25 puntos
 - Anualidade 2023.....0,50 puntos
 - Anualidade 2022.....1,00 puntos
 - Anualidade 2021.....1,50 puntos
 - Anualidade 2020.....2,00 puntos
 - b) Estean dirixidos á promoción dos colectivos de poboación mais desfavorecidos.....Ata 2 puntos.
 - Un colectivo desfavorecido.....0,25 puntos.
 - Dous colectivos desfavorecidos..... 0,50 puntos.
 - Tres colectivos desfavorecidos.....0,75 puntos.
 - Catro colectivos desfavorecidos.....1,00 puntos.
 - Cinco colectivos desfavorecidos.....1,25 puntos.
 - Seis colectivos desfavorecidos.....1,50 puntos.
 - Sete colectivos desfavorecidos.....1,75 puntos.
 - Oito ou mais colectivos desfavorecidos.....2,00 puntos.
 - c) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvenciónAta 2 puntos.
 - Utilización da lingua Galega.....2 puntos.
 - Non utilización da lingua Galega.....0 puntos.
 - d) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede.....Ata 1 puntos.
 - Unha entidade colaboradora.....0,25 puntos.
 - Dous entidades colaboradoras.....0,50 puntos.
 - Tres entidades colaboradoras.....0,75 puntos.
 - Catro ou mais entidades colaboradoras.....1,00 puntos.
 - e) Número de actividades desenvolvidas.....Ata 1 punto
 - Unha ou dúas actividades desenvolvidas.....0,50 puntos
 - Tres e catro actividades desenvolvidas.....0,75 puntos.
 - Cinco ou mais actividades desenvolvidas.....1,00 puntos.
 - f) Formación prevista para o persoal contratado con cargo á subvención....Ata 1 puntos.
 - Unha accións formativas.....0,25 puntos.
 - Dous accións formativas.....0,50 puntos.
 - Tres accións formativas.....0,75 puntos.
 - Catro ou mais accións formativas.....1,00 puntos.
 - g) Control de calidade (enquisas de calidade).....Ata 1 puntos.
 - Posuír Control calidade (acreditado).....1,00 puntos.

No caso de que o proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de tres puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

4. Calidade e cantidade dos contratos.-.....Ata 30 puntos.
- 4.1. Número de beneficiarios/as.....1 punto por contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

4.2. Modalidade de contratación:

4.2.1. Fomento do emprego

- I. Contrato mellora ocupabilidade..... 1,00 punto por contrato.
- II. Contrato fixo descontinuo.....1,50 punto por contrato.
- III. Contrato fixo.....2,25 punto por contrato.

4.2.2. Fomento da estabilidade laboral

- I. Contrato fixo descontinuo.....1,50 punto por contrato.
- II. Contrato fixo.....2,25 punto por contrato.

4.3. Xornada:

- a) Completa.....1,00 puntos por contrato
- b) Reducida superior ao 50% da xornada.....0,75 puntos por contrato
- c) Reducida igual ou inferior ao 50% e superior ao 15%.....0,50 puntos por contrato
- d) Reducida igual ou inferior ao 15%.....0,25 puntos por contrato

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Emprego do Concello de Vigo.

Décimo. Outros datos

A entidade beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, e a aplicación dos fondos recibidos no prazo **dun (1) mes** a contar **desde o remate das accións** de fomento do emprego ou fomento da estabilidade laboral subvencionado, agás no caso de que aquelas rematen na segunda quincena de xullo, en cuxo caso, o prazo finalizará **o 31 de agosto de 2025**.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Décimo Primeiro. Publicidade

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro" en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO XXXXX POLO QUE SE CONVO-
CAN AS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LU-
CRO PARA O ANO 2025.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro.- Obxecto e Finalidade:

Esta convocatoria de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, realizada pola Concellería de Emprego do Concello de Vigo, no marco da actuación municipal para o ano 2025, se integran na liña 4.7.- Fomento de actividades sociais: actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024; ao seu efecto, ten por obxecto apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e o Fomento da creación e consolidación do emprego estable e de calidade no municipio, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, deportivo, empresarial e das comunidades de montes, constituídas legalmente como tales entidades sen ánimo de lucro, para actividades de fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo, **dende 1 de agosto de 2024 ata o 31 de xullo de 2025**. Estas axudas están dirixidas a fomentar o emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro e o fomento da estabilidade laboral do persoal contratado ou transformado en fixos ou fixos descontínuos nas últimas dúas convocatorias, co fin de reforzar a súa capacidade de autoorganización e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción da calidade de vida e benestar social da cidadanía.

Segundo.- Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sindicais, sociais, deportivas, comunidades de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar **inscritas** con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria, nos epígrafes que a continuación se relacionan do **Rexistro Municipal de Asociacións (RMA)**, que fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

Xa que logo, a efectos da presente convocatoria, coa finalidade de ter en conta a diversidade e heteroxeneidade das entidades ás que vai dirixida, convócanse os programas que deseguido se relacionan en función das súas características cara ao fomento do emprego e a inserción laboral e da mellora no funcionamento das entidades, no cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

- | | | |
|----------------|------------------------------------|----------------------------|
| ✓ Programa I: | “Entidades veciñais e culturais” | Epígrafes 10.1 e 10.5. |
| ✓ Programa II: | “Entidades sociais e asistenciais” | Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1. |



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

✓ Programa III:	“Organizacións sindicais”	Epígrafe 5.1
✓ Programa IV:	“Entidades empresariais”.	Epígrafes 5.2
✓ Programa V:	“Comunidades de Montes”.	Epígrafe 10.7
✓ Programa VI:	“Entidades deportivas”	Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2

Terceiro.- Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase en réxime de concorrència competitiva.

Cuarto.- Contía:

A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2025) do Concello de Vigo é de **1.390.000,00 €** (un millón trescentos noventa e mil euros), que se imputarán con cargo á partida. 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, distribuídos do seguinte xeito:

- 1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”: 245.000,00 € (dous centos corenta e cinco mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.
- 2.- Programa II: “Entidades sociais e asistenciais”: 440.000 € (catrocentos centos corenta mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.
- 3.- Programa III: “Organizacións sindicais”: 11.000 € (once mil euros).**
- 4.- Programa IV: “Entidades empresariais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.
- 5.- Programa V: “Comunidades de Montes”: 145.000,00 € (cento corenta e cinco mil euros).**
- 6.- Programa VI: “Entidades deportivas”: 349.000,00 € (trescentos corenta e nove mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e

asinadas electronicamente polo representante legal da entidade con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar unha solicitude.

Sexto.- Documentación:

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

a) Anexo I: Solicitude:

- Datos da entidade solicitante.
- Datos do/a representante legal da entidade.
- Dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- Sinatura electrónica do representante legal da entidade: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

No caso de solicitar subvención para os gastos de persoal para fomento da estabilidade laboral en calquera dos supostos recollidos para dita modalidade nas presentes bases , a entidade solicitante deberá facelo constar así , en documento adxunto á solicitude de subvención, indicando o nome, apelidos e DNI do/as traballador/as, posto/s de traballo, número meses contratados, e as datas de publicación da oferta, de formalización do/s contrato/s e, de selo caso, de finalización do/s mesmo/s, e sen prexuízo da obriga de reflectir os datos correspondentes no Anexo V.

b) Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

d) Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

e) Anexo V: Proxecto de contratacións a realizar asinado electronicamente polo representante legal da entidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

Para a determinación do período temporal de duración dos contratos establecidos polas entidades e o conseguinte cálculo dos salarios e seguridade social que poderán ser imputados en base a dito período á subvención deberá axustarse a seguinte fórmula; o número de días comprendidos entre a data de inicio das contratacións e a data de finalización entre 30 días mensuais. Deberá terse en conta que a data límite de finalización para o computo será o último día do período subvencionable 31/07/2024.

Os cálculos para a solicitude e a xustificación deberán facerse en base a 30 días mensuais.

f) Certificación asinada polo/a secretario/a ou persoa habilitada para o efecto pola entidade na que se indique a **composición da xunta directiva** na data de publicación da convocatoria (cargo, nome, apelidos e DNI), xunto co **compromiso** de comunicar, nun prazo máximo de dez días hábiles seguintes, calquera modificación que se produza na composición do dito órgano con posterioridade á presentación da solicitude de subvención, e na que conste o **nº de socios** e se a entidade solicitante ten **estrutura suficiente** para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos, así como, a **experiencia e capacidade** necesarias para acadalos.

g) Informe de vida laboral do código de conta de cotización onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da asociación no intre de presentación da solicitude.

h) Calquera outra comunicación de modificación ou actualización de datos da entidade que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Sétimo- Outros datos:

A entidade beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, e a aplicación dos fondos recibidos no prazo **dun (1) mes** a contar **desde o remate das accións** de fomento do emprego ou fomento da estabilidade laboral subvencionado, agás no caso de que aquelas rematen na segunda quincena de xullo, en cuxo caso, o prazo finalizará **o 31 de agosto de 2025**.

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da **contía total** da axuda outorgada polo Concello, previa petición razoada da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

A presentación de solicitude de anticipo deberá realizarse nun prazo **máximo de dous meses** desde a notificación de concesión da subvención

11(301).- NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO CON CARGO A PRAZA VACANTE DE AUXILIAR DE CEDRO. EXTE.46103/220.

Visto o informe de fiscalización do 23/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/04/2025, asinado pola técnica de xestión e organización de RRHH e a xefa da Área de RRHH e Formación, e conformado pola concelleira-delegada de RRHH e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Consta no expediente solicitude da área da xefatura da área de Benestar Social conformada pola concellería delegada competente, e declaración responsable, solicitando a urxente cobertura da praza vacante da categoría profesional de Auxiliar Cedro 315 (expte. 44994-220)

II.- Consta tramitado procedemento de provisión do dito posto de traballo, no expte. 45129-220, para a provisión do posto de traballo vacante, quedando a convocatoria deserta por falta de aspirantes presentados.

III.- En data de sinatura electrónica 5/02/2025, polo órgano municipal competente, á vista das solicitudes, e informes que obran no expediente, procedeu a ordenar a incoación do expediente.

IV.- Consta informe de verificación administrativa de data 4/04/2025, que inclúe candidata/o en condicións de ser nomeada/o por presentar correctamente a documentación e aceptar os nomeamentos.

V.- Consta informe de data 20/04/2025 de verificación da non superación do límite porcentual establecido no art. 2.3 da lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (LMURTEP) e cuantificación económica do gasto.

VI.- En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi

declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa ***“la existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4”*** (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

O concreto apartado 4 citado recolle que *“en el supuesto previsto en el apartado 1.a) las plazas vacantes desempeñadas por personal funcionario interino deberán ser objeto de cobertura mediante cualquiera de los mecanismos de provisión o movilidad previstos en la normativa de cada Administración Pública.*

No obstante, transcurridos tres años desde el nombramiento del personal funcionario interino se producirá el fin de la relación de interinidad, y la vacante solo podrá ser ocupada por personal funcionario de carrera, salvo que el correspondiente proceso selectivo quede desierto, en cuyo caso se podrá efectuar otro nombramiento de personal funcionario interino.

Excepcionalmente, el personal funcionario interino podrá permanecer en la plaza que ocupe temporalmente, siempre que se haya publicado la correspondiente convocatoria dentro del plazo de los tres años, a contar desde la fecha del nombramiento del funcionario interino. En este supuesto podrá permanecer hasta la resolución de la convocatoria, sin que su cese dé lugar a compensación económica.”



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

No informe de viabilidade da provisión de postos con carácter temporal emitido en data 12/02/2025 emitido no expte. 46117-220, se indica:

“5.- En defecto da anterior posibilidade (comisión de servizos), selección e nomeamento de persoal interino con duración temporal: tal duración deberá constar como expresamente limitada no acto administrativo de nomeamento, en salvagarda de responsabilidades de autoridades e funcionarios públicos e en cumprimento das previsións normativas: enténdese axustado a Dereito o nomeamento interino de 2 efectivos con cargo ás prazas asociadas aos postos de traballo vacantes, debendo limitarse o seu nomeamento ao tempo imprescindible para a executar e/ou resolver o estado e viabilidade do concurso ordinario de traslados, e determinándose no acto administrativo de nomeamento que o persoal interino nomeado será cesado no momento en que, por calquera dos sistemas de mobilidade ou de provisión que o Concello convoque, os postos podan ser ocupados por persoal funcionario de carreira; e establecendo que en todo caso a duración máxima non poderá ser superior aos dous anos a contar dende a data de nomeamento, producíndose a extinción automática do vínculo de servizo interino (e conseguinte cese do efectivo) o día anterior ao da data de cumprimento dos dous anos indicados”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os novos criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 167 de 01/09/2022), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo para a incorporación 1 AUXILIAR CEDRO con cargo a praza vacante.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 23.09.2022; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase ao posto de traballo AUXILIAR CEDRO (ref. Posto: 3150107).

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación (trámite 142 do expediente) consta que:

*“Ao abeiro do disposto no artigo 169.1, apartado c) do Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e no marco da tramitación do expediente administrativo número **46103/220** infórmase o seguinte:*

- Vista a orde de incoación obrante no expediente administrativo de referencia e dilixencia para tramitación de nomeamento interino de 1 efectivo na categoría de auxiliar de CEDRO e un recepcionista de CEDRO, ambas con cargo a prazas vacantes (art. 10.1.a) TREBEP), existen listas de reserva do Concello de Vigo vixentes nas categorías de auxiliar de Administración Xeral e Subalterno respectivamente, con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os, procedendo o chamamento por orden de prelación dos candidatas/os en estado seleccionable.*
- Os ditos chamamentos realízanse coa foto fixa do programa de xestión de bolsas de reserva de data 17/02/2025 (trámites 18 e 19).*
- No chamamento da **lista de subalterno**, acepta o primeiro candidato da bolsa, que xa tomou posesión á data da sinatura deste informe.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

- No chamamento da lista de **auxiliar Administrativo**, chégase ao final da lista da bolsa de reserva sen que ningún candidato acepte o nomeamento.

As persoas candidatas: G. Rodríguez Martínez, M.B. Díaz Sixto, D. Dopico Furelos, A. Rey Sierra e Sandra Fidalgo Méndez, presentaron renuncia expresa que constan no expediente electrónico.

A candidata S. De Peroy Pereira presentou escrito con intención de renunciar (incorporado ao expediente) pero non achegou nin renuncia asinada nin documentación xustificativa. Considérase renuncia tácita.

A candidata M. Cid Rodríguez presentou a renuncia e documentación xustificativa por correo electrónico. Recordouselle a necesidade de presentación por rexistro pero non se recibiu a mesma. Considérase renuncia tácita.

Asemesmo, a funcionaria que suscribe, contacta telefónicamente cos aspirantes, M.C. Alonso Otero e L. Carrera Gómez, que manifestan a súa renuncia ao posible nomeamento de forma verbal. Remítese correo electrónico en data 27/02/2025 coa documentación para mostrar ou non a súa conformidade a dito nomeamento. Ante a falta de recepción da documentación considérase renuncia tácita.

- Finalizada a tramitación na bolsa propia do Concello de Vigo, iníciase chamamento de acordo coa información da lista facilitada pola Xerencia Municipal de Urbanismo (trámite 79 e actualización en trámite 80). En concreto:

B. González Eiriz e B. Lijó Rodríguez non foron chamadas por non cumprir a carencia necesaria de 9 meses no Concello de Vigo.

M.B. Díaz Sixto xa foi chamada pola lista do Concello.

A C. Collazo Saavedra fixéronselle os seguintes intentos de contacto: o día 24/03/25 dende a extensión 1218 ás 13:01 h, o día 24/03/2025 envío de correo electrónico ás 9:33 h e nova chamada dende a extensión 1739 ás 10:45 h. Contesta por correo electrónico que se atopa de viaxe neste intre e que sendo interina na Xerencia non lle interesa o chamamento (trámite 98).

A T. M. Pérez Novoa fixéronselle os seguintes intentos de contacto: o día 25/03/25 dende a extensión 1739 ás 09:37 h, ás 10:46 h e envío de correo electrónico ás 10:50 h. Unha vez contactada, presenta renuncia que se incorpora ao expediente.

B. Tejo Fuentes presentou renuncia expresa que consta no expediente electrónico.

G. Criado Rodríguez presentou renuncia expresa que consta no expediente electrónico.

N. Morenza Núñez manifesta a súa renuncia ao posible nomeamento de forma verbal. Presenta renuncia por correo electrónico, achegada ao expediente.

M. C. Alonso Otero xa foi chamada pola lista do Concello.

V. Pérez Carballido presentou renuncia expresa que consta no expediente electrónico.

H. García Ferreiro presentou renuncia expresa que consta no expediente electrónico.

B. Pérez Rey, presentou renuncia expresa que consta no expediente electrónico.

L. Silva Canabal presentou renuncia expresa que consta no expediente electrónico.

M. Vázquez Domínguez presentou renuncia expresa que consta no expediente electrónico.

M. Rodríguez Vázquez, con DNI ***9437**, indicou a posibilidade de aceptación. Finalmente recibíuse a aceptación que se incorporou ao expediente xunto coa documentación requirida.

Os seguintes aspirantes da lista foron chamados mentres M. Rodríguez Vázquez non presentaba en prazo a súa aceptación ou renuncia, en aras á non paralización do chamamento:

L. Agrafojo de Santiago presentou renuncia expresa que consta no expediente electrónico.

O. Eiriz Blanco, presentou renuncia expresa que consta no expediente electrónico.

- *De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e modificados pola XGL de data 20/05/2022, vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e co Convenio de colaboración de sinatura dixital 17/06/2024, á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica e pola Xerencia Municipal de Urbanismo, salvo erro ou omisión, procede o chamamento as candidatos que se relacionan a continuación, que aceptaron o nomeamento e presentaron a documentación requirida para o efecto:*

*Como auxiliar de CEDRO: M. Rodríguez Vázquez, con DNI ***9437***

...

O/a aspirante interesada/o e dispoñible aceptou expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

VI. - Proposta de gasto:

Segundo o informe de cuantificación económica emitido en data 21/04/2025, o custo para 1 posto ref. RPT 3150107 -AUXILIAR CEDRO, de iniciarse a súa relación o 1/05/2025, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte para o ano 2025:

S.Base	CD	CE	Pagas extra xuño - dec.	S. social empr.	Total/posto
5.735,84 €	3.349,52 €	6.944,72 €	2.671,68 €	5.943,42 €	24.645,18 €

Polo que o custo total para un posto de AUXILIAR CEDRO (ref. RPT 3150107) sería de **24.645,18 €**.

Solicítase que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“ 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.

b) La intervención formal de la ordenación del pago.

c) La intervención material del pago.

d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 28/06/2024, acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024.

IX.- PROPOSTA DE ACORDO

“**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionario/a interino/a nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: 1 AUXILIAR CEDRO
- Modalidade legal: funcionarias/os interinas/os para a cobertura de praza vacante (artigo 10.1, letra a) do TREBEP), ata a súa cobertura mediante calquera dos mecanismos de provisión ou mobilidade, salvo que proceda a súa amortización.
- Destino: 315 CEDRO (Benestar Social)
- Período temporal: ata a provisión definitiva da praza e en todo caso por un máximo de 2 anos, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) e 10.4 do TREBEP.

Custe económico: O custo para 1 posto ref. RPT 3150107 AUXILIAR CEDRO, de iniciarse a súa relación o 1/05/2025, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte para o ano 2025:

S.Base	CD	CE	Pagas extra xuño - dec.	S. social empr.	Total/posto
5.735,84 €	3.349,52 €	6.944,72 €	2.671,68 €	5.943,42 €	24.645,18 €

Polo que o custo total para un posto de AUXILIAR CEDRO (ref. 3150107) sería de **24.645,18 €**.

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Nomear como funcionaria/o interina/o con cargo a praza vacante, ata a provisión definitiva das prazas co límite temporal máximo de **2 anos** nos termos e condicións do establecido no artigo 10.4 do TREBEP, así como no apartado primeiro do presente acordo, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, como AUXILIAR CEDRO ao candidata/o:

- **M. Rodríguez Vázquez**, con DNI ***9437**



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

TERCEIRO: Dispoñer que a xornada laboral do efectivo nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

CUARTO: Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, xefatura de Benestar Social, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.

QUINTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(302).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ASOCIACIÓN "CINECLUBE LUMIÈRE VIGO" PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CINE EN VERSIÓN ORIXINAL EXERCICIO 2025. EXPTE. 6045/330.

Visto o informe xurídico de data 02/04/2025 e o informe de fiscalización do 23/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 26/03/2025, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da entrada sede electrónica municipal o 27 de febreiro do 2025, a asociación "Cineclub Lumière Vigo" presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do programa de cine en versión orixinal durante o exercicio 2025; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase o expediente de subvención correspondente co obxecto de asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.02 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A entidade "CINECLUB LUMIÈRE VIGO" é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a programación de proxeccións cinematográficas periódicas, sendo

a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega. Dende hai anos ven levando acabo unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos estables de programación cinematográfica, en versión orixinal.

PROGRAMACIÓN

As proxeccións se realizan todos os luns do período que vai entre o 15 de novembro do 2024 ao 10 de novembro do 2025, ás 20:30 h, no Auditorio Municipal do Concello de Vigo, agás nos meses de xullo e agosto.

Esta programación vaise consensuando mensualmente coa Concellería de Cultura incluíndose posibles estreos ou temas de actualidade que vaian xurdindo en cada momento.

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 22.181,20 € (VINTEOUS MIL CENTOS OITENTA E UN EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 €
- Cotas de socios e colaboradores: 6.175 €
- Venda entradas: 5.659 €
- Publicidade: 347,20 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Xustificante do pagamento do seguro de responsabilidade civil no período subvencionable.
- Escrito de aceptación do texto do proxecto de convenio (presentado na sede electrónica o 26.03.2025 (doc. 250069663)

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á entidade "Cine Clube Lumiere Vigo", para a organización da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2025 obxecto do convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024, e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Cine Clube Lumière Vigo para a organización da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2025, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento das actividades socioculturais.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa ao “Cine Clube Lumiere Vigo” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2025, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Cine Clube Lumiere Vigo” ten como obxecto financiar a organización da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2025, figurando na aplicación **3340.480.00.02** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade.

Considerarase como gasto subvencionable os realizados dende o 15 de novembro do 2024 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas. Estes gastos deberán xustificarse coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

A subvención do Concello de Vigo a “Cine Clube Lumiere Vigo” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000 € (dez mil euros) á entidade “Cineclube Lumiere Vigo”, CIF. G36758696, para o financiamento da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2025, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.02



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

“CONVENIO CINE LUMIERE, CINE EN VERSIÓN ORIXINAL”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e o Cine Clube Lumiere que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2025”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN “CINECLUBE LUMIÈRE VIGO”, PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CINE EN VERSIÓN ORIXINAL 2025

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 28 de xuño do 2023, modificado por resolución do 28 de xuño do 2024 e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas e específicas do 28 de xuño do 2024

Doutra, D. Xoan Manuel Novegil González-Anleo, na súa condición de presidente da asociación “Cineclube Lumiere Vigo” (CIF: G-36.758.696) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo na rúa Doctor Cadaval núm. 33, 4º A, 36202 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que “CINECLUB LUMIÈRE VIGO” é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a programación de proxeccións cinematográficas periódicas, sendo a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega. Dende hai anos ven levando acabo unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos estables de programación cinematográfica, en versión orixinal.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de

abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e co-laborar economicamente na execución da programación da asociación “CINE CLUBE LUMIERE VIGO”, como medio que é de promover o cine en versión orixinal na cidade.

III.- *Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.02, como subvención nominativa, a favor da asociación “CINE CLUBE LUMIERE. CINE EN VERSIÓN ORIXINAL”, a cantidade de 10.000 euros.*

IV.- *Que a asociación “CINE CLUBE LUMIERE VIGO” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- *De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para a organización da programación do cine en versión orixinal 2025 , que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 22.181,20 € (VINTEDOUS MIL CENTOS OITENTA E UN EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 €
- Cotas de socios e colaboradores: 6.175 €
- Venda entradas: 5.659 €
- Publicidade: 347,20 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

As proxeccións se realizan todos os luns do período que vai entre o 15 de novembro do 2024 ao 10 de novembro do 2025, ás 20:30 h, no Auditorio Municipal do Concello de Vigo, agás nos meses de xullo e agosto.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

Esta programación vaise consensuando mensualmente coa Concellería de Cultura incluíndose posibles estreos ou temas de actualidade que vaian xurdindo en cada momento.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Xoan Manuel Novegil González-Anleo, presidente da entidade.
- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
- A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido A ENTIDADE achega copia do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos orzamentos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Estipúlanse dous pagamentos segundo o seguinte:

- a) Un primeiro pagamento no mes de xullo do 2025, que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao programa executado ata o 30 de xuño do 2025
- b) Un segundo e derradeiro pagamento que se tramitará previa solicitude, polo importe restante, comprendido entre o 1 de xullo e o 10 de novembro do 2025. O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 11 de novembro do 2025.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abranza a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou

actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 11 de novembro do 2025.
- Deberán atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados entre o 15 de novembro do 2024 e o 10 de novembro do 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores á última das actividades financiadas, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable**.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2025, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Ley 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenios se extinguen polos seguintes motivos:

1. Los convenios se extinguen por el cumplimiento de las actuaciones que constituyen su objeto o por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) El transcurso del plazo de vigencia del convenio sin haberse acordado la prórroga del mismo.
 - b) El acuerdo unánime de todos los firmantes.

c) El incumplimiento de las obligaciones y compromisos asumidos por parte de alguno de los firmantes.

En este caso, cualquiera de las partes podrá notificar a la parte incumplidora un requerimiento para que cumpla en un determinado plazo con las obligaciones o compromisos que se consideraran incumplidos. Este requerimiento será comunicado al responsable del mecanismo de seguimiento, vigilancia y control de la ejecución del convenio y a las demás partes firmantes.

Si trascurrido el plazo indicado en el requerimiento persistiera el incumplimiento, la parte que lo dirigió notificará a las partes firmantes la concurrencia de la causa de resolución y se entenderá resuelto el convenio. La resolución del convenio por esta causa podrá conllevar la indemnización de los perjuicios causados si así se hubiera previsto.

d) Por decisión judicial declaratoria de la nulidad del convenio.

e) Por cualquier otra causa distinta de las anteriores prevista en el convenio o en otras leyes.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

A concelleira delegada da Área de Goberno
de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade

María del Carmen Silva Rego

O presidente da entidade

Xoan Manuel Novegil González-Anleo

A secretaria do Goberno Local, Susana Gallardo Fariña



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

ORZAMENTO 2025

GASTOS

CONCEPTO

Aluguer de películas	7.250, 00 Euros
Aluguer de oficina	3.600, 00 Euros
Portes	280, 50 Euros
Organización, xestión e gastos de oficina	11.050, 70 Euros

TOTAL	22.181, 20 Euros
--------------	-------------------------

INGRESOS

Cotas de socios e colaboradores	6.175,00 Euros
Venda de entradas	5.659,00Euros
Publicidade	347,20 Euros
Subvención de Cultura Concello de Vigo	10.000,00 Euros

TOTAL	22.181, 20 Euros
--------------	-------------------------



13(303).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA Á FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS FEIRAS DO LIBRO DE VIGO DURANTE O ANO 2025. EXPTE. 6057/330.

Visto o informe xurídico de data 08/04/2025 e o informe de fiscalización do 23/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 03/04/2025, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal o 24 de febreiro do 2025, a “Federación de Libreiros de Galicia” presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento das Feiras do Libro de Vigo durante o exercicio 2025; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase o expediente de subvención co obxecto de asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 15.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.16 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A Federación de Libreiros de Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro que ven desenvolvendo ininterrompidamente a súa actividade dende o ano 1977 e que está integrada por libeiros con establecemento aberto na Comunidade Autónoma de Galicia. Dentro das actividades de apoio e promoción ao libro e ás librerías, realiza anualmente unha serie de actividades, entre as que destacan as Feiras do Libro Novo e as Feiras do Libro Antigo e de Ocasión, eventos con natureza claramente cultural cun papel importante na sociedade galega e nas cidades onde se desenvolven.

PROGRAMACIÓN DO ANO 2025

DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Feira do Libro Novo, terá lugar do 1 ao 7 de xullo do 2025, na Praza de Compostela de 11:00 á 16:00 e de 17:00 ás 21:00 horas

Feira do Libro Vello e de Ocasión, terá lugar do 18 de xullo ao 3 de agosto do 2025, na Praza de Compostela de 10:30 a 14:00 e de 17:00 ás 21:30 horas

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola FEDERACIÓN , incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 30.000 € (trinta mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 15.000 €
- Xunta de Galicia: 11.500 €
- Recursos Propios: 3.500 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do proxecto de convenio (presentado na sede electrónica o 03.04.2025).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Federación de Libreiros de Galicia, para a organización das Feiras do Libro de Vigo 2025, obxecto deste convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024, e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Federación de Libreiros de Galicia para a organización das Feiras do Libro de Vigo 2025, axustase ás directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento das actividades socioculturais.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Federación de Libreiros de Galicia deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2025, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Federación de Libreiros de Galicia” ten como obxecto financiar a organización das Feiras do Libro de Vigo 2025, figurando na aplicación **3340.480.00.16** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 15.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Federación de Libreiros de Galicia” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas. Estes gastos deberán xustificarse coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

A subvención do Concello de Vigo á “ Federacón de Libreiros de Galicia” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte
faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 15.000 € (quinze mil euros) á Federación de Libreiros de Galicia, CIF. V15038458, para a organización das Feiras do Libro de Vigo 2025, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.16 "SUBVENCIÓN FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA. FEIRA DO LIBRO", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Federación de Libreiros de Galicia que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento das Feiras do Libro de Vigo 2025".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA" PARA O DESENVOLVEMENTO DAS FEIRAS DO LIBRO DE VIGO DURANTE O ANO 2025

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 28 de xuño do 2023, modificado por resolución do 28 de xuño do 2024 e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas e específicas do 28 de xuño do 2024

Doutra, Dona María del Cielo Fernández Fernández, na súa condición de presidenta da "Federación de Libreiros de Galicia" (CIF: V-15038458) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social en rúa República Salvador, 28, entrechán B, CP 15701, da cidade de Santiago de Compostela, e actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*1.-Que a **FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA** é unha entidade sen ánimo de lucro que ven desenvolvendo ininterrompidamente a súa actividade dende o ano 1977 e que está integrada por libreiros con establecemento aberto na Comunidade Autónoma de Galicia. Dentro das actividades de apoio e promoción ao libro e ás librerías, realiza anualmente unha serie de actividades, entre as que destacan as Feiras do Libro Novo e as Feiras do Libro Antigo e de Ocasión,*

eventos con natureza claramente cultural cun papel importante na sociedade galega e nas cidades onde se desenvolven.

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA**, concretamente nas **FEIRAS DO LIBRO DE VIGO 2025**, como medio que é de promover e dinamizar a cultura na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.16, como subvención nominativa, a favor da **SUBV. FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA, FEIRA DO LIBRO** a cantidade de 15.000 euros.*

*IV.- Que a **FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar este convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para a organización das Feiras do Libro de Vigo 2025, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 30.000 € (trinta mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 15.000 €
- Xunta de Galicia: 11.500 €
- Recursos Propios: 3.500 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Feira do Libro Novo, terá lugar do 1 ao 7 de xullo do 2025, na Praza de Compostela de 11:00 á 16:00 e de 17:00 ás 21:00 horas



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

***Feira do Libro Vello e de Ocasión**, terá lugar do 18 de xullo ao 3 de agosto do 2025, na Praza de Compostela de 10:30 a 14:00 e de 17:00 ás 21:30 horas*

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA, Dona María del Cielo Fernández Fernández , presidenta da entidade.
- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en

relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE achega a póliza e o recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (15.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abranza a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables,

que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 11 de novembro do 2025.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores á última das actividades financiadas, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable**.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2024, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
 - b) O acordo unánime de todos os asinantes.
 - c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

A concelleira delegada da Área de Goberno
de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade

A presidenta da entidade

María del Carmen Silva Rego

María del Cielo Fernández Fernández

Dou fé
A secretaria do Goberno Local
Susana Gallardo Fariña

ORZAMENTO 2025



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

**14(304).-
"ASOCIACIÓN
CONCERTO
2025. EXP
Visto o in
28/04/2025
xefe do S
delegado,
de Orzame**

Con data d
KV2211" pr
concertos c
2025; por e
subvención
regulada, po
orzamento r

**ANTECEDE
A entidade
ano 2018 |
XUVENIL D**

coa vocación de potenciar entre a mocidade os instrumentos de corda na cidade de Vigo e conta cun amplísimo catálogo de bandas de música nas que os rapaces poden desenvolver de xeito grupal a súa formación musical de instrumento de vento. No eido de Vigo e a súa comarca trátase da única agrupación de cordas e en ocasións sinfónica, formativa, aberta a nenos, nenas, mozos e mozas da cidade e outros municipios dos arredores na que tocar un instrumento de corda en grupo dende unha curta idade ; unha agrupación na que os rapaces poden potenciar a súa formación persoal, tanto musical como cultural, educativa e de valores, onde os ensaios e actuacións se desenvolven nas fins de semana durante parte dos seus tempos de ocio.

DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Sábado 30 de Novembro 2024: Concerto de Santa Iclía
Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil
Lugar: Auditorio teatro cine Salesianos

Domingo 22 de decembro 2024: Concerto de Nadal 2024. "Vigo é Nadal, Vigo é Música"
Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil
Lugar: Auditorio do Concello de Vigo

Sábado 11 de xaneiro 2025: Concerto de Aninovo. "Aninovo Musical"
Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil

Orzamento Feiras do libro novo e antigo no Concello de Vigo	
Gastos	
Persoal apoio feiras	1.000,00 €
Materiais e montaxes (Aluguer e montaxe de casetas e suministros precisos para o correcto funcionamento das casetas	20.000,00 €
Vixilancia e seguridade	2.500,00 €
Actividades e pregoeiros (gastos para diferentes tipos de actividades durante ás feiras)	4.000,00 €
Gastos de xestión (persoal estrutura)	2.500,00 €
	30.000,00 €
Ingresos	
Concello de Vigo	15.000,00 €
Xunta de Galicia	11.500,00 €
Fondos propios	3.500,00 €
	30.000,00 €

**VIO COA
RAMA DE
1 DO ANO**

zación do
inado polo
concelleiro
e Goberno

"Asociación
rograma de
o exercicio
pediente de
tidade para
30.00.21 do

nstituída no
NFANTIL E
V2211 nace

Lugar: Auditorio do Centro Cultural de Beade

Sábado 22 de marzo 2025: Reconquista. "Música para unha reconquista"

Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil

Lugar: Igrexa Colexiata

Venres 20 de xuño 2025: Día da Música

Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil

Lugar: Pendente de confirmar

Sábado 18 de outubro 2025: Música clásica polas parroquias

Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil

Lugar: Auditorio de algún centro cultural das parroquias de Vigo (Pendente de confirmar)

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 13.175 € (trece mil cento setenta e cinco euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 €
- Recursos propios da asociación 3.175 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de conformidade co texto do convenio presentado na sede electrónica o día 09.04.2025 (doc.250082993).

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á "Asociación KV2211" para o financiamento do programa de concertos da "ORQUESTRA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211" a realizar durante o exercicio 2025, obxecto deste convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Asociación Kv2211”, para a organización do programa de concertos do ano 2025, axustase ás directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á "Asociación KV2211" deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2025, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación KV2211” ten como obxecto financiar a organización do programa de concertos da "ORQUESTRA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211" a realizar durante o exercicio 2025, figurando na aplicación 3340.480.00.21 do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade.

Considerarase como gasto subvencionable *os realizados no período que abrangue dende o 15 de novembro do 2024 ao 10 de novembro do ano 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas.* *Estos gastos deberán xustificarse* coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.

A subvención do Concello de Vigo á “ Asociación KV2211” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000 € (dez mil euros) á Asociación KV2211, CIF. G-27860667, para o financiamento do programa de concertos da "ORQUESTRA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211" a realizar durante o exercicio 2025, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.21 “ORQUESTA CLÁSICA INFANTIL KV2211”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación KV2211 que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa de concertos da "ORQUESTRA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211" do ano 2025”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN KV2211", PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE CONCERTOS DA ORQUESTRA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211 DO ANO 2025

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 28 de xuño do 2023, modificado por resolución do 28 de xuño do 2024 e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas e específicas do 28 de xuño do 2024.

Doutra, D. José Manuel Fernández Rosado, na súa condición de presidente do "Asociación KV2211" (CIF: G-27860667) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social na rúa Cerqueiro núm. 3, 1º F, CP 36212 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.-Que a entidade " ASOCIACIÓN KV2211" é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2018 para dar amparo e cobertura as actividades da Orquestra infantil e xuvenil de Vigo KV2211.A Orquestra KV2211 nace coa vocación de potenciar entre a mocidade os instrumentos de corda na cidade de Vigo e conta cun amplísimo catálogo de bandas de música nas que os rapaces poden desenvolver de xeito grupal a súa formación musical de instrumento de vento. No eido de Vigo e a súa comarca trátase da única agrupación de cordas e en ocasións sinfónica, formativa, aberta a nenos, nenas, mozos e mozas da cidade e outros municipios dos arredores na que tocar un instrumento de corda en grupo dende unha curta idade ; unha agrupación na que os rapaces poden potenciar a súa formación persoal, tanto musical como cultural, educativa e de valores, onde os ensaios e actuacións se desenvolven nas fins de semana durante parte dos seus tempos de ocio.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e co-

laborar economicamente na execución da programación da "ASOCIACIÓN KV2211", como medio que é de promover a música na cidade.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.21, como subvención nominativa, a favor da "ORQUESTA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211", a cantidade de 10.000 euros.

IV.- Que a "ASOCIACIÓN KV2211" non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de concertos da ORQUESTA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211 durante o exercicio 2025, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 13.175 € (trece mil cento setenta e cinco euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 €
- Recursos propios da asociación 3.175 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Sábado 30 de Novembro 2024: Concerto de Santa Icíá
Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil
Lugar: Auditorio teatro cine Salesianos

Domingo 22 de decembro 2024: Concerto de Nadal 2024. "Vigo é Nadal, Vigo é Música"
Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil
Lugar: Auditorio do Concello de Vigo

Sábado 11 de xaneiro 2025: Concerto de Aninovo. "Aninovo Musical"



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil
Lugar: Auditorio do Centro Cultural de Beade

Sábado 22 de marzo 2025: Reconquista. "Música para unha reconquista"
Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil
Lugar: Igrexa Colexiata

Venres 20 de xuño 2025: Día da Música
Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil
Lugar: Pendente de confirmar

Sábado 18 de outubro 2025: Música clásica polas parroquias
Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil
Lugar: Auditorio de algún centro cultural das parroquias de Vigo (Pendente de confirmar)

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Amancio Fernández Pérez, tesoureiro da entidade.
- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos

fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

- A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Incorpórase ao expediente póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento do mesmo.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abranza a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou

actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 11 de novembro do 2025.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación, *por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados*; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideranse gastos subvencionables os realizados dende o 15 de novembro do 2024 ao 10 de novembro do 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas, que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2025, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

A concelleira delegada da Área de Goberno
de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade

O presidente da entidade

María del Carmen Silva Rego

José Manuel Fernández Rosado

A secretaria do Goberno Local,
Susana Gallardo Fariña

ORZAMENTO 2025



CONCELLO DE VIGO

Exp^{ta} 1890/1102

Orzamento programación 2025 Orquestra Kv2211			
Ingresos		Gastos	
Concepto	Importe	Concepto	Importe 2025
Aportación Concello de Vigo	10.000,00 €	Aluguer locais	2.710,00 €
Recursos propios asociación kv2211	3.175,00 €	Colaboracións musicais nos concertos	5.000,00 €
		Adaptación e arreglos de obras	150,00 €
		Partituras	300,00 €
		Derechos de autor	2.600,00 €
		Gravación e edición de video	400,00 €
		Gastos de produción	200,00 €
		Gastos de gestoría	550,00 €
		Seguro de accidentes	430,00 €
		Seguro de R.C.	185,00 €
		Programas e cartelería dos concertos	150,00 €
		Limpieza Montaje/desmontaje local de ensaios	500,00 €
TOTAL INGRESOS	13.175,00 €	TOTAL GASTOS	13.175,00 €

talmente arraigado na cidade.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

A XXIX EDICIÓN DO MARATÓN FOTOGRÁFICO 2025 comezará ás 11:00 do día 4 de outubro de 2025 na Praza do Pobo Galego. Ás 12 horas, darase a saída oficial e informarase dos 4 temas obxecto da maratón que terá unha duración de 24 horas. Finalizará ás 12:00 horas do día 5 de outubro do 2025. As fotos deberán ser feitas dentro dos límites do Concello de Vigo ou ben ter a Vigo como suxeito da imaxe.

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 9.940 € (nove mil novecentos corenta euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 8.000 €
- Gadis: 500 €
- Cotas dos participantes: 1350 €
- Achega da entidade: 90 €
-

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade

- CIF da empresa
- Escrituras da empresa
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Recibo do pagamento do Seguro de Responsabilidade Civil correspondente
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica o día 15 de abril do 2025

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a "Agrupación Fotográfica Galega" para o desenvolvemento da XXIX Edición do Maratón Fotográfico 2025, rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á "Agrupación Fotográfica Galega", para o desenvolvemento da XXIX Edición do Maratón Fotográfico 2025, axústase ás directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a "Agrupación Fotográfica Galega" deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2025 como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a "Agrupación Fotográfica Galega" ten como obxecto financiar o desenvolvemento da "XXIX Edición do Maratón Fotográfico 2025", figurando na aplicación **3340.480.00.18** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 8.000 €, a favor da devandita entidade.

Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación , por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideranse gastos subvencionables os realizados no ano 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse**

expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.

A subvención do Concello de Vigo a "Agrupación Fotográfica Galega" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN S DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 8.000 € (oito mil euros) a "Agrupación Fotográfica Galega" CIF. G36733616, para o financiamento da organización do XXIX Edición do Maratón Fotográfico 2025, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.18 "SUBVENCIÓN MARATÓN FOTOGRÁFICO", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Agrupación Fotográfica Galega para o desenvolvemento da XXIX Edición do Maratón Fotográfico no exercicio 2025."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO DA XXIX EDICIÓN DO MARATÓN FOTOGRÁFICO 2025

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 28 de xuño do 2023, modificado por decreto da Alcaldía do 28 de xuño do 2024 e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas do 20 de xuño do 2023 e específicas do 28 de xuño do 2024



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

Doutra, D. Alfonso Durán Castillo, na súa condición de presidente da Agrupación Fotográfica Galega (CIF: G-36733616) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo social na rúa Uruguai 17, entrechán D, CP 36201 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita ASOCIACIÓN, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a **AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALLEGA** é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a difusión e promoción da fotografía, onde teñen cabida fotógrafos de todo tipo de tendencias e procedencias. Fundada en 1946 é a primeira entidade deste tipo que xurdiu en Galicia e caracterizouse por ser aberta a todas as persoas afeccionadas á fotografía. Dende o ano 1991 organizan ininterrompidamente o Maratón Fotográfico, un evento totalmente arraigado na cidade.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da **XXIX EDICIÓN DO MARATÓN FOTOGRÁFICO 2025**, como medio que é de promover a cultura na cidade.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria **3340.480.00.18**, "Agrupación fotográfica galega. Maratón Fotográfico" como subvención nominativa, a favor da **Agrupación Fotográfica Galega**, a cantidade de 8.000 euros.

IV.- Que a **AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALLEGA** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver a XXIX Edición do Maratón Fotográfico 2025, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 9.940 € (nove mil novecentos corenta euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 8.000 €
- Gadis: 500 €
- Cotas dos participantes: 1350 €
- Achega da entidade: 90 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

A XXIX EDICIÓN DO MARATÓN FOTOGRÁFICO 2025 comezará ás 11:00 do día 4 de outubro de 2025 na Praza do Pobo Galego. Ás 12 horas, darase a saída oficial e informarase dos 4 temas obxecto da maratón que terá unha duración de 24 horas. Finalizará ás 12:00 horas do día 5 de outubro do 2025. As fotos deberán ser feitas dentro dos límites do Concello de Vigo ou ben ter a Vigo como suxeito da imaxe.

PREMIOS

- 1 .- 1.000€
- 2 .- 500€
- 3 .- 300€ (3 accésits)

PREMIO XUVENIL-ÓPTICA STUDIO
Idades entre 15 e 18

4 PREMIOS INFANTÍS
Idades entre 8 e 14
Curso fotografía na sede da AFG

Coas fotografías seleccionadas realizarase unha exposición (día e lugar a determinar)

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Alfonso Durán Castillo, presidente da asociación.
- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

- Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

- A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa. Neste sentido a entidade presenta póliza do seguro de responsabilidade civil que atendería calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento así como recibo de pagamento da mesma.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (8.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abranca a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 11 de novembro do 2025.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:

1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
 - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
 - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
 - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideranse gastos subvencionables os realizados no ano 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter**



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará conxuntamente aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2025, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
 - b) O acordo unánime de todos os asinantes.
 - c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

A concelleira delegada da Área de Goberno
de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade

O presidente da entidade

María del Carmen Silva Rego

Alfonso Durán Castillo

Dou fé

A secretaria do Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

ORZAMENTO 2024



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

16(306).
INSTRUI
DE COR
Visto o
28/04/20
xefe do
delegad
de Orzar

Con data
Instrumer
financiam
de decen
por este r
correspor
3340.480

ANTECE
A ASOC
de lucro
seus ámb
ano 2012
novos tal
vel interp
curso am
tónoma G
rio españ

PROGRA
O Concur
de Música
proceden
violonche

Entre os
categorías e os día 6 e 7 as finais.

GASTOS

CREATIVIDADE E DISEÑO

Creatividade, ilustración, maquetación	750,00 €
Deseño e maquetación bases, cartéis e mupis	800,00 €
Deseño camiseta	200,00 €
Deseño elementos exposición, vinilos	300,00 €

PROMOCIÓN EN LIÑA

Promoción web, programación e plataformas pago	750,00 €
Campaña en redes sociais, mailing, accións promo	800,00 €

IMPRESIÓN E PRODUCCIÓN

Impresión de bases e cartéis	100,00 €
Impresión planos, temas, folias inscrición	50,00 €
Camisetas 150 unidades	900,00 €
Copias de contacto	120,00 €
Impresión cartéis para mupis	250,00 €

PREMIOS MARATÓN PRESENCIAL

Primer premio	1.000,00 €
Segundo premio	500,00 €
Tercer premio	300,00 €

EXPOSICIÓN VIRTUAL

Cota plataforma exposición virtual	80,00 €
Deseños exposición virtual	500,00 €

REPORTAXES

Reportaxe foto e vídeo	800,00 €
Producción vídeo entrevistas gañadoras/es	750,00 €

DIFUSIÓN

Promoción audiovisual	300,00 €
Promoción escuelas audiovisuales	100,00 €
Promoción colectivos desfavorecidos	100,00 €
Difusión prensa	100,00 €

XESTORÍA

Xestión documentación e contabilidade, certificados	420,00 €
---	----------

SEGURIDADE E HIXIENE

Seguro responsabilidade civil	120,00 €
-------------------------------	----------

VARIOS

Materiales	200,00 €
------------	----------

TOTAL

9.900,00 €

INGRESOS

CUOTAS PARTICIPANTES

Cuotas estimando 80 participantes tradicional (15€/p)	1.350,00 €
Achega da entidade	50,00 €

APORTACIÓNS - SUBVENCIÓNS

Concello de Vigo	8.000,00 €
Gedis Supermercados	500,00 €

TOTAL

9.900,00 €

RESULTADO

TOTAL INGRESOS

9.900,00 €

TOTAL GASTOS

9.900,00 €

3A DE CURSO

ición do
ado polo
ncelleiro
Goberno

ialega de
1 para o
lías 4 e 8
o 2025) ;
ibvención
amentaria

en ánimo
todos os
dende o
onde os
osar o ni-
do con-
idade Au-
o territo-

Superior

as: violín,

todas as

O domingo día 8 de decembro do 2024, ás 11h, tivo lugar a entrega de premios.

A memoria económica que se achega a este expediente, incorpora o orzamento xeral de ingresos e gastos do programa polo importe total de 23.319,23 € (vintetres mil trescentos dezanove euros con vintetres céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 9.000 euros

- Xunta de Galicia: 5.000 euros
- Subvención kit dixital :1980
- Patrocinio Ibercisa : 3.000 euros
- Inscripción no Concurso: 4309 euros
- Achega da entidade:30,23 euros

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud de subvención
- Memoria e orzamento da actividade
- NIE da presidenta da Asociación
- CIF da empresa
- Estatutos de Constitución da Entidade
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo cubrindo o período subvencionable.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA , para o financiamento do XIII Concurso de Corda Cidade de Vigo que tivo lugar en decembro do 2024, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a “Asociación Galega de Instrumentos de Corda”, para a organización do XIII Concurso de Corda Cidade de Vigo, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

A concesión da subvención directa a ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2025, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA ten como obxecto financiar o XIII Concurso de Corda Cidade de Vigo que tivo lugar en decembro do 2024, figurando na aplicación 3340.480.00.13 do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 9.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 9.000 € (nove mil euros) a “ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA”, CIF. G27761196, para o financiamento do XIII Concurso de Corda Cidade de Vigo que tivo lugar entre os días 4 e 8 de decembro do 2024 no Conservatorio Superior de Música, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria

3340.480.00.13 "SUBVENCIÓN ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA (AGIC) CONCURSO DE VIOLÍN", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

- Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola EMPRESA, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA DONA ELIZABETH ANN TAYLOR , presidenta da entidade.
- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- Cumprir o programa obxecto da subvención, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

- A concesión da subvención á EMPRESA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, a entidade presenta póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo que cubre o período subvencionable.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa subvencionado.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

- Xestionar o pagamento do importe da subvención (9.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á EMPRESA é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abranque a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por me-

dios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 11 de novembro do 2025
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe;
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no período subvencionable (15 de novembro do 2024 ao 10 de novembro do 2025) que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Consideraranse gastos subvencionables, os que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(307).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ENTIDADE “CLUB MONTAÑEIROS CELTAS” PARA O FINANCIAMENTO DA VI MOSTRA DE CINE DE MONTAÑA E AVENTURA 2025. EXPTE. 6062/330.

Visto o informe xurídico de data 07/04/2025 e o informe de fiscalización do 23/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 01/04/2025, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 26 de marzo do 2025, a entidade “Club Montañeiros Celtas” presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento da “VI Mostraxe do Cine de Montaña e Aventura 2025”; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase a tramitación do expediente de subvención polo importe de 4.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.25.

ANTECEDENTES.-

O “Club Montañeiros Celtas” é unha asociación que ten como obxectivo a difusión dos deportes de montaña en todas as súas modalidades, e de calquera actividade ligada ao entorno da montaña e da natureza, ben sexa deportiva coma cultural.

Neste sentido de promover a difusión do deporte a través do cine “Club Montañeiros Celtas” trouxo á cidade de Vigo unha Mostraxe do Cine de Montaña aproveitando a celebración do 75 aniversario, unha vez conseguido este reto, xurdiu o desexo de poder gozar dunha cita anual co cine de montaña, sendo o primeiro evento destas características proxectado en Vigo, e tamén en Galicia.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O evento deste ano 2025 tivo lugar no Auditorio Municipal de Vigo, os días 11,12 e13 de febreiro en sesión de tarde de 20 a 22h. Ademais programouse tamén unha sesión escolar o día 13 de febreiro en sesión matinal, de 10:30 a 11:30h, á que asistiron diferentes centros escolares da provincia.

A actividade desenvolveuse consonte á programación contida na memoria de actividade que se xunta ao expediente.

A memoria económica que se achega a esta proposta, incorpora o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa polo importe total de 6.372,44 euros (seis mil trescentos setenta e dous euros con corenta e catro céntimos) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 4.000 euros
- Doazón Terra Deporte: 300 euros
- Achega da entidade: 2.072, 44 euros

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud e autorización á consulta dos datos tributarios
- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificación da conta bancaria asinado dixitalmente pola entidade
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “CLUB MONTAÑEIROS CELTAS” , para o financiamento da “ VI Mostraxe do Cine de Montaña e Aventura en Vigo 2025” rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024, e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao “CLUB MONTAÑEIROS CELTAS” para o financiamento da “ VI Mostraxe do Cine de Montaña e Aventura en Vigo 2025” , se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento das actividades socioculturais.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

A concesión da subvención directa á “Club de Montañeiros Celtas” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2025, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “CLUB MONTAÑEIROS CELTAS” , ten como obxecto financiar a “ VI Mostraxe do Cine de Montaña e Aventura en Vigo 2025” ” figurando na aplicación **3340.480.00.25** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 4.000 €, a favor da entidade.

A subvención do Concello de Vigo á entidade “CLUB MONTAÑEIROS CELTAS” , para o financiamento da “ VI Mostraxe do Cine de Montaña e Aventura en Vigo 2025” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 4.000 € (catro mil euros) á entidade “CLUB MONTAÑEIROS CELTAS” (CIF G-36637890), para o financiamento da “ VI Mostraxe do Cine de Montaña e Aventura en Vigo 2025” , organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o gasto con cargo á aplicación **3340.480.00.25** “ Mostra de cine de montaña. Montañeiros Celtas” , que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

1. E de responsabilidade da Entidade :
2. A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
3. A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
4. Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
5. Actuará como interlocutora única ante a CONCELLERÍA Dña. Carmen Pérez Orge, presidenta da entidade.
6. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
7. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
8. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
9. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
10. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
11. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos contratar e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (4.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a axeitada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 11 de novembro de 2025

- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe;
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2025 e que teñan como data límite os dous meses posteriores á última das actividades financiadas e que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

Consideraranse gastos subvencionables, os que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei

9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(308).- DAR CONTRA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “MELLORA DO SANEAMENTO NA CONTORNA DE BALAÍDOS”: PLAN DE INVERSIÓNS DE AQUALIA. EXPTE. 1885/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/04/2025, asinado polo enxeñeiro de Camiños, canais e portos, o técnico de Administración xeral, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro de Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- A devandita prórroga do contrato de concesión do servizo de «Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo» vinculouse á execución e financiamento dun plan de investimentos, no período da prórroga, por importe de 40.471.411,63 € —ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos— nas contías e prazos de execución indicados no informe económico de data 28.12.2020

III.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 09.08.2024 acordou:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de **Melloras do saneamento da contorna de Balaídos**, redactado pola Enxeñeira de Caminos, Canales e Portos, Raquel Vázquez Seoane, cun orzamento de execución material de DOUCENTOS NOVENTA E CINCO MIL SEISCENTOS DEZ EUROS con TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (295.610,34 EUROS), un orzamento de licitación (IVE excluído) de 351.776,30 € (TRESCENTOS CINCOENTA E UN MIL SETECENTOS SETENTA E SEIS EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS). O proxecto dispón de sinatura dixital de data 22 xullo de 2024.

Segundo.- Aprobar os custes asociados ao proxecto de **Melloras do saneamento da contorna de Balaídos**, por un importe de 14.765,74 Euros (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	SERYE INGENIEROS S.L.	5.912,21 €
Asistencia técnica á D.O.	SERYE INGENIEROS S.L.	5.912,21 €
Coordinación de seguridade e saúde	ELE31 S.L.	1.478,05 €
	SUMA	13.302,47 €
	11% Gastos de Xestión	1.463,27 €
	TOTAL (IVE excluído)	14.765,74 €

Terceiro.- Designar como dirección facultativa da obra aos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, D. Xacobe Paz Salgado e D^a Juan Sánchez González.

IV.- Con data 23 de abril de 2025 Aqualia-FCC Vigo presenta a documentación

referida ás características do contrato da obra. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 1.885/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 295.610,34 €
- Presuposto de contrata: 351.776,,30 € (IVA excluído).
- Prazo de execución: 6 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: *Non se exige.*
- *Prazo de garantía: 2 anos.*
- Asistencia técnica: *SEYRE INGENIEROS*
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Pablo Coello Pardo (ELE 31)

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

I. A execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de investimentos aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación.

II.- Co fin de que os mecanismos de control, vixilancia, fiscalización e seguemento das obras inherentes aos distintos Plans de Investimentos da concesión se instrumentasen a través de medidas que garantan a consecución dun nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 8 de marzo de 2013, aprobou a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo, UTE (por acordo de XGL de data 06.05.21 procedeuse a adaptación legal do mesmo). No mesmo contemplase os gastos repercutibles á Administración coa súa imputación ao plan de investimentos; gastos que son obxecto da presente proposta de aprobación e que foron revisados e informados polos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais, que emitiron o informe que precede.

III.- Recóllese no devandito procedemento de ordenación procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos a necesidade de dar conta pola entidade concesionaria á Xunta de Goberno Local dos datos consignados no punto III.c do procedemento, que son os que se reflicten nos antecedentes.

IV.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación dos costes asociados ao proxecto de obra corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente **“Mellora do saneamento na contorna de Balaídos”**. cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno de data 08.03.2021 (adaptado en XGL de 06.05.2021) que aproba o procedemento a seguir nas obra do plan de Inversións de Aqualia, segundo o seguinte detalle:

- Código do proxecto: Expte. 1.885/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 295.610,34 €
- Presuposto de contrata: 351.776,,30 € (IVA excluído).
- Prazo de execución: 6 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: *Non se exige.*
- *Prazo de garantía: 2 anos.*
- Asistencia técnica: *SEYRE INGENIEROS*
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Pablo Coello Pardo (ELE 31)

• **SEGUNDO-** Notifíquese o presente acordo a FCC AQUALIA VIGO UTE, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(309).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO "SUBSTITUCIÓN DO EQUIPO DE CLIMATIZACIÓN DO EDIFICIO DO CENTRO CULTURAL E VECIÑAL DE VALLADARES". EXPTE. 6383/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/04/2025, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Administración Xeral, o xefe da Área de Servizos Xerais e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Dende a Concellería de Participación Cidadá e Distritos, remítese proxecto de "SUBSTITUCIÓN DO EQUIPO DE CLIMATIZACIÓN DO EDIFICIO DO CENTRO CULTURAL E VECIÑAL DE VALADARES", redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás.

II.- A Xefa de Participación Cidadá e o Xefe do servizo de Vías, Obras e Infraestruturas o día 05.04.2024 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos e o concelleiro da Área de Fomento e Servizos, os días 06 e 08.04.202, resollen iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

III.- O obxecto do proxecto é definir as obras necesarias para solucionar os problemas existentes no auditorio e na cafetería do edificio da Asociación de Veciños de Valadares, que se atopan non operativas polo que as estancias ás que dan servizo non contan con sistema de climatización e renovación de aire. O proxecto tamén inclúe a impermeabilización das zonas da cuberta na que na actualidade se atopan instaladas as climatizadoras existentes.

A execución deste traballo inclúe a desmontase dos casetos de perfilaría metálica nos que se atopan os dous equipos, o picado das soleiras de formigón armado e a impermeabilización dos tramos de cuberta nesas zonas cunha impermeabilización compatible ca existente no resto das cubertas.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (SESENTA) 60 días.

IV.- A Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 24.04.2025 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

"(...)

As obras a executar son obras de reposición de instalacións xa existentes na cuberta do edificio, sen afectar a súa superficie ou volume construído, polo que son obras permitidas polas ordenanzas de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

aplicación. O uso característico da edificación existente é o uso dotacional sociocultural.

Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *"non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)"*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto - memoria técnica valorada de “SUBSTITUCIÓN DO EQUIPO DE CLIMATIZACIÓN DO EDIFICIO DO CENTRO CULTURAL E VECIÑAL DE VALADARES”, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SESENTA E SETE MIL CINCOCENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON VINTE E DOUS CÉNTIMOS (167.582,22 €) e con sinatura dixital do día 18 de novembro de 2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(310).- DAR CONTA DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE MULTAS URBANÍSTICAS. EXPTE. 17715/407.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/04/2025, asinado pola técnica de Tesourería-Xestión de Ingresos e conformado polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

Os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

Por parte deste organismo impuxéronse multas coercitivas que non foron ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro ditará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes sancións urbanísticas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite a correspondente providencia de apremio:

Multas coercitivas:

01	Exp. 153/435	***9272**	1.000,00
02	Exp. 3194/435	***6021**	2.000,00
03	Exp. 1889/435	***1556**	2.000,00
04	Exp. 3192/435	***4704**	1.000,00
05	Exp. 3452/435	***7166**	1.000,00



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

06	Exp. 3060/435	***4576**	2.000,00
07	Exp. 2208/435	***2110** ***6239**	3.000,00
08	Exp. 2317/426	***8505**	3.000,00
09	Exp. 780/435	***9973**	3.000,00
10	Exp. 2452/435	***7617** ***9331** ***6501**	6.000,00
11	Exp. 565/435	****1195* ****0510*	4.000,00
12	Exp. 2453/435	***7617** ***7933** ***6501**	4.000,00
13	Exp. 2454/435	***7617** ***7933** ***6501**	4.000,00
14	Exp. 2887/435	***6802** ***1348** ***4776**	2.000,00
15	Exp. 1991/435	****3737* ****1073* ****2395* ****3568* ****3569*	1.000,00
16	Exp. 1009/435	***1706**	1.000,00
17	Exp. 3799/435	***7033**	1.000,00
18	Exp. 14964/423	***8249**	3.000,00
19	Exp. 2694/426	***5664** ***2541** ***9368**	1.000,00
20	Exp. 24631/423	***2829** -	1.000,00
21	Exp. 3538/435	***4376**	2.000,00
22	Exp. 2288/435	***9578**	3.000,00
23	Exp. 3900/435	***5276**	1.000,00
24	Exp. 3730/4435	***1222**	1.000,00
25	Exp. 2363/435	***6021**	3.000,00
26	Exp. 2365/435	***6021**	3.000,00
27	Exp. 2759/435	***6021**	3.000,00
28	Exp. 3137/435	***6021**	3.000,00
29	Exp. 2367/435	***6021**	5.000,00
30	Exp. 2366/435	***6021**	3.000,00
31	Exp. 2368/435	***6021**	3.000,00
32	Exp. 13101/423	***6021**	3.000,00

33	Exp. 3927/435	***3989** ***3203**	1.000,00
34	Exp. 3738/435	***6000**	1.000,00
35	Exp. 2390/435	***4794**	1.000,00
36	Exp. 19890/435	***3987**	3.000,00
37	Exp.24866/423	***3987**	1.000,00
38	Exp. 2867/435	***6932**	4.000,00
39	Exp. 3037/435	***7837**	2.000,00
40	Exp. 1798/435	***1828**	1.000,00
41	Exp. 3944/435	***3622** ***1250**	1.000,00

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

21(311).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONVOCATORIA DA SECRETARÍA DE ESTADO DE SANIDADE PARA O DESENVOLVEMENTO DO “PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE CONSUMOS ADITIVOS EN MENORES E MOZOS DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 10112/336.

Visto o informe de fiscalización do 28/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/04/2025, asinado pola técnica medio de actividades culturais e educativas e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo secretario xeral do Pleno (Resolución do 22/04/2025), que di o seguinte:

Proposta de solicitude de subvención á convocatoria da Secretaria de Estado de Sanidade: “Resolución del **11 de marzo de 2025** de la Secretaría de Estado de Sanidad, por la que se convoca la concesión de ayudas económicas a corporaciones locales para el desarrollo de programas de prevención de las adicciones, con cargo al Fondo de bienes decomisados por tráfico ilícito de drogas y otros delitos relacionados. Programa para el que se solicita subvención (Corporaciones Locales 2025)”

Dende a Concellería de Xuventude **proponse á Xunta de Goberno Local** a aprobación da presentación da solicitude de subvención á convocatoria anteriormente relacionada , en base aos seguintes parámetros:

PROGRAMA PARA O QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

1. Datos de identificación da Entidade solicitante:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

Nome: Concejalía de Juventud del Ayuntamiento de Vigo

2. Descripción del programa:

Denominación do programa: Programa de prevención de consumos adictivos en menores y jóvenes del Ayuntamiento de Vigo

Coste previsto do programa : 564.078,55€

Subvención solicitada do 70%: 394.854,98€

Aportación corporación local do 30%: 169.223,56€

3. Aos efectos de xustificar ,de ser o caso, a subvención concedida existe financiamento comprometido nos seguintes expedientes:

- **EXPEDIENTE: 10081-336: 2ª PRÓRROGA PROGRAMA VERÁN XOVE: ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN FAMILIAR**, aprobado na Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 11 de abril de 2025 . **3370.2279912. Campamentos do verán**

- **EXPEDIENTE: 10080-336: 2ª PRORROGA SERVIZO VIGOSÓNICO**. Aprobado na Xunta de Goberno Local do 7 de marzo de 2025. 3370.2279901 GASTOS MANTEMENTO E XESTIÓN DE VIGOSÓNICO

4. Actividades a realizar.

4.1. Breve explicación e descrición das actividades e adecuación e coherencia das mesmas en relación cos obxectivos e poboación destinataria.

- O Programa de Lecer Alternativo para a prevención de consumos aditivos en menores e mozos do Concello de Vigo 2025/2026 foise adaptando, edición a edición, ás necesidades e intereses da poboación xuvenil da cidade e en cada vez reúne a un número maior de participantes.

- Seguiranse incrementando as actividades formativas en horario de tarde, xa que se constatou unha maior afluencia de mozas que antes ocupaban este tempo con actividades extra escolares e que agora, debido á crise económica que afecta a todo o país, non poden custearse.

- No **período estival** reforzase cunha programación específica, **ampliándose o horario e o grupo de idades dos/as destinatarios/as**. Realizaranse actividades específicas por idades, en función do seu desenvolvemento evolutivo e os seus intereses, e cun marcado carácter preventivo. Nestas actividades, que serán sobre todo lúdicas, preténdese traballar hábitos saudables de hixiene, alimentación, igualdade de xénero, rexeitamento de consumo de drogas e tamén outros valores como a solidariedade, a responsabilidade, a participación, etc.

- O Programa Xuvenil de Lecer Alternativo de Vigo para a prevención de consumos aditivos en menores e novos, pretende ser unha actuación global que parte da idea de poder utilizar o tempo de lecer dos e as mozas como un espazo para a integración social e o desenvolvemento íntegro das persoas ás que vai dirixido. Coa particularidade que cumprimos dende a Concellería de que, ao amparo do requerido nas bases da convocatoria: *"Se desenvolverán, como mínimo, a lo largo de tres meses consecutivos o, en el caso de periodos vacacionales, durante veinte días seguidos, con una duración mínima de ciento*

ocho horas de actividad en el primer caso o sesenta horas en el segundo, salvo que, por razones justificadas por la tipología concreta del programa o por circunstancias relacionadas con la protección de la salud y la seguridad de los beneficiarios, y de acuerdo con las instrucciones de las autoridades sanitarias, ello no sea aconsejable. Los horarios de las actividades serán adecuados a las características de los destinatarios."

- Este programa integra varias actuacións coordinadas pola Concellaría de Xuventude, e colaborando o Plan Local de Drogas, Benestar Social, Igualdade, Deportes, Medio Ambiente e Cultura do Concello de Vigo, así como outras entidades relacionadas coa mocidade, que teñen unha serie de obxectivos e uns destinatarios comúns e que a través do traballo transversal trataremos de desenvolver unha serie de actuacións que consigan unha idónea estratexia de prevención .

- As diferentes **actividades** serán **planificadas tendo en conta o desenvolvemento evolutivo, intereses e expectativas dos destinatarios así como a adecuación dos horarios ás características dos mesmos.**

- Tamén se terá en conta a **experiencia e avaliación do programa en anos anteriores**, que facilitará a adecuación das actividades concretas ás necesidades dos/os usuarios/as e aos obxectivos do programa, así como as circunstancias da sociedade en cada momento.

É por iso que a programación xeral dará cabida a diversas actuacións que, á súa vez, dividiranse en bloques de actividades. Así, pois, podemos diferenciar:

a) Actividades de dinamización infantil e xuvenil en espazos municipais.

- Espazos con actividades para nenos e nenas de 4 a 12 anos onde se traballan valores como: a igualdade, o respecto mutuo, o espírito crítico, o respecto ao medio ambiente, a actitudes e hábitos de conduta saudables, a tolerancia, etc. Eixes temáticos :

- IV. - Educación para a igualdade: traballando de forma transversal durante toda a práctica, a través de asembleas conxuntas, xogos de rol e xogos de confianza.
- V. - Educación para a saúde: tamén de ou de forma transversal durante toda a práctica, a través de hábitos de hixiene, narracións e as novas tecnoloxías.
- VI. - Coidado do medio ambiente: mediante saídas dirixidas, trabállase a importancia da reciclaxe e o uso responsable da auga.

b) Actividades específicas no verán.- PROGRAMA VERÁN XOVE

- Características.- Actividades de lecer preventivo e alternativo en período estival.

Realizarase en instalacións municipais, espazos públicos, asociacións, pavillóns deportivos e, nas actividades que así o requiran, nas instalacións de entidades privadas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

- Realizaranse en período estival, de xuño a setembro. Dado o seu carácter preventivo, as actividades irán dirixidas a menores e a mozas, establecendo tramos de idades en función das necesidades, intereses, expectativas e desenvolvemento evolutivo.
- Estas actividades serán sobre todo lúdicas, pero con compoñentes formativos, culturais, deportivos, musicais, ambientais e, sobre todo, con hábitos saudables e de valores positivos. Estas actividades tamén formativas, culturais, deportivas, musicais, artísticas, etc. e sempre de carácter preventivo con respecto ao consumo de drogas. Destacamos os seguintes bloques de actividades:

c) Actividades de prevención familiar, comunitaria e ambiental.-

- Desenvolveranse actuacións de prevención estrutural ou ambiental que produzan cambios en diversas contornas físicas e sociais da cidade para favorecer comportamentos máis saudables na poboación, reducir o uso de drogas e outras condutas capaces de xerar adicción. Fomentarase tamén a prevención familiar, con programas específicos de socialización entre pais, nais e fillos, propiciando a mellora da comunicación, dado que a familia é un dos escenarios máis importantes para intervir en prevención.

d) Actividades deportivas e xogos.

- Trátase de actividades que poidan funcionar complementaria e/ou substitutivamente das actividades lúdicas. Organizaranse espontaneamente (pachanga) ou por medio dunha liguiña, torneo ou cursos (cando o deporte para realizar así o precise). Potenciaranse as actividades físico-deportivas ao aire libre e as de auga. Propoñeranse diversos deportes colectivos (en función das instalacións), nos que se poidan incorporar criterios de entretemento, actividade física, integración de ambos os sexos, competitividade deportiva, etc.

e) Talleres .

Actividades a realizar en paralelo ás lúdicas e ás deportivas e xogos.

f) Actividades culturais.

Ofertarase un abanico de actividades alternativas de carácter cultural. Saídas e visitas a lugares de interese na cidade forman parte deste bloque de actividades.

Por todo elo, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

1º.- “ A aprobación da solicitude dunha subvención de **394.854,98 €** para o desenvolvemento do **Programa de prevención de consumos aditivos en menores e mozos do Concello de Vigo** dende xaneiro de 2025 ata 30 de setembro de 2026, sendo a achega municipal de **169.223,56 €** que representa o 30% do custe total do programa.

2º.- **Autorizar** á Concelleira Delegada de Turismo e Xuventude, Mª del Carmen Lago Barreiro, a asinar a solicitude de subvención ante o Ministerio de Sanidade”

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Aprobación do expediente de contratación e adxudicación do contrato baseado no acordo marco da FEMP para a contratación de determinados contratos de seguros, dividido en lotes, lote 9: Póliza do seguro colectivo de vida para as entidades locais e entes dependentes. Expte. 46459/220.
- .- Adxudicación da contratación das obras de "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil no Paseo de Granada" no marco do proxecto do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PRTR– financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU. Expte. 2123/441.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

22(312).- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO DA FEMP PARA A CONTRATACIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS DE SEGUROS, DIVIDIDO EN LOTES, LOTE 9: PÓLIZA DO SEGURO COLECTIVO DE VIDA PARA AS ENTIDADES LOCAIS E ENTES DEPENDENTES. Expte. 46459/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

Visto o informe de fiscalización do 30/04/2025, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo do Servizo de Contratación, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira da Área de Goberno e pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), por acordo da súa Xunta de Goberno do 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao amparo do previsto na Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, conforme á redacción dada á mesma polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local. A Central de Contratación da FEMP réxese polo disposto nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17 de febreiro do 2022, acordou:

“PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre a dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

SEGUNDO.- Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigacións das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Remitir o presente acordo á FEMP para os efectos oportunos”.

Terceiro.- A FEMP, a través da súa Central de Contratación licitou o Acordo Marco para a contratación de determinados contratos de seguros, dividido en lotes, sendo o lote 9 relativo a **“SEGURO COLECTIVO DE VIDA PARA AS ENTIDADES LOCAIS E ENTES DEPENDENTES”**.

O citado lote 9 do acordo marco foi adxudicado a ZURICH VIDA COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A., ORIZON UNDERWRITERS S.L, e SURNE MUTUA DE SEGUROS E REASEGUROS A PRIMA FIJA o 28 de novembro de 2024. Ten un prazo de duración de dous anos e prevé dúas prórrogas dun ano de duración cada unha. De acordo co establecido no PCAP e PPT e demais documentación que consta no expediente, este contrato celébrase en tempo e forma.

Cuarto.- Mediante resolución de 4 de abril de 2024 a concelleira da Área de Contratación acordou iniciar o expediente para a adhesión ao Acordo Marco da FEMP para a contratación de servizos de mediación de seguros privados do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos”, nos termos que correspondan consonte á normativa vixente.

Quinto.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 21 de xuño de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de mediación de riscos e seguros para o Concello de Vigo e os seus Organismos Autónomos.

Segundo.- Adxudicar o contrato baseado no Acordo Marco de mediación de riscos e seguros formalizado pola Central de Contratación da FEMP con data 19 de abril de 2024 de acordo coas seguintes características e distribución por lotes:

[...] Lote 3: Seguro colectivo de accidentes e vida para Entidades Locais e Entes dependientes e outros riscos vinculados a danos sobre as persoas

Adxudicatario: UTE MARSH S.A. MEDIADORES DE SEGUROS Y DEASTERRA PARTNERS, S.L

Comisión ofertada: 11%.

Valor estimado do contrato para este lote: 151.801,75 euros

Duración do contrato: 12 meses máis dúas prorrogas de 12 meses de duración cada unha.

Condición especial de execución: Que o persoal adscrito a cada Contrato baseado teña contrato indefinido, achegando a adxudicataria a declaración responsable correspondente ao comezo do contrato baseado

Responsables do contrato: Seguro colectivo de accidentes e vida para Entidades Locais e Entes dependientes e outros riscos vinculados a danos sobre as persoas a xefa da área de Recursos Humanos. No ámbito do seguro colectivo de accidentes deportivos e lesións deportivas para o desenvolvemento do programa municipal de escolas deportivas, competicións internas e actividades complementarias: o Adxunto Xefe do Servizo de Deportes-Director Técnico [...]”

Sexto.- O 8 de abril de 2025 a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal acordou iniciar o expediente **para a adhesión ao Acordo Marco para a contratación da póliza de seguros da**



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

FEMP, no lote 9, seguro colectivo de vida para las entidades locales y entes dependientes nos termos que correspondan consonte á normativa vixente.

Sétimo.- En data 16 de abril de 2025 procedeuse a enviar documento de invitación ás empresas adxudicatarias do lote 9 a través da plataforma informática da Central de Contratación da FEMP.

Oitavo.- Recibidas tres ofertas dentro do prazo conferido para o efecto (ORIZON UNDERWRITERS SL; SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA e ZURICH VIDA COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS SA), procedeuse á súa valoración pola empresa adxudicataria do contrato baseado de mediación de riscos e seguros, UTE MARSH S.A. MEDIADORES DE SEGUROS Y DEASTERRA PARTNERS, S.L, conforme aos criterios de adxudicación e a súa ponderación establecidos na cláusula 21.2 do PCAP. O informe de valoración, emitido o 28 de abril de 2025, foi anexado ao xestor de expedientes no trámite 31. Á vista do mesmo, o licitador que obtén a maior puntuación é **ORIZON UNDERWRITERS, S.L.**

Noveno.- Constan no expediente o documento contable de retención de crédito, de data 29 de abril de 2025 (RC nº 12025000046332 por importe de 182.000,00 euros) así como os certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias (AEAT, ATRIGA e Tesourería municipal) e coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Do expediente de contratación

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas require a previa tramitación dun expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato.

Se ben a iniciación do expediente de contratación correspóndelle ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o caso de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP), delegouse nos concelleiros de Área por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023.

O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato (artigo 116.3 da LCSP).

No mesmo xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP) e a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f). Así mesmo, consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O contrato baseado terá unha duración de 1 ano, contemplándose unha prórroga de 1 ano.

Constan no expediente os certificados de existencia de crédito de data 29 de abril de 2025.

-II-

Do acordo marco

O artigo 218 da LCSP regula sistemas para a racionalización da contratación das administracións públicas, entre os que se atopan os acordos marco.

Mediante os acordos marcos, un ou varios órganos de contratación subscriben, cunha ou varias empresas, as condicións a que se deberán axustar os contratos que pretendan adxudicar durante un período determinado, que non poderá exceder dos catro anos (artigo 219.1 e 2 da LCSP).

Tal e como se indicou nos antecedentes, esta Administración adheriuse á central de contratación da FEMP, a cal subscribiu un acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros.

O lote 9 relativo ao **SEGURO COLECTIVO DE VIDA PARA AS ENTIDADES LOCAIS E ENTES DEPENDENTES** foi adxudicado a ZURICH VIDA COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A., ORIZON UNDERWRITERS S.L, e SURNE MUTUA DE SEGUROS E REASEGUROS A PRIMA FIJA e está en vigor dende o 28 de novembro de 2024. Ten un prazo de duración de dous anos e prevé dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Enviada invitación ás empresas adxudicatarias, a oferta de ORIZON UNDERWRITERS, S.L. foi a que obtivo a maior puntuación (100 puntos), segundo o informe de valoración de data 28 de abril de 2025.

A lei esixe os seguintes **requisitos para a adxudicación do contrato baseado nun acordo marco**:

1. A vixencia do acordo marco (artigo 219.3 da LCSP). Para fixar a data relevante para o cumprimento deste requisito a lei distingue dous supostos, que sexa necesario realizar unha licitación para a adxudicación do contrato baseado, ou que non sexa necesaria, como no suposto que nos ocupa. Neste segundo caso a data relevante será a da adxudicación do contrato baseado. Do dito despréndese que o acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros da FEMP na actualidade está vixente.
2. Só se poderán subscribir contratos baseados nun acordo marco entre as empresas e os órganos de contratación que fosen orixinariamente partes nel, agás no caso de que se trate de acordos marco realizados por centrais de contratación (artigo 221.1 en relación co artigo 227.4 da LCSP). Neste caso, poderanse subscribir contratos baseados entre as empresas e entes do sector público parte do acordo marco, así como por outros entes do sector público, sempre que os ditos entes, entidades ou organismos se identificasen no prego regulador do acordo marco, e se fixese constar esta circunstancia na convocatoria de licitación, como acontece no presente caso.
3. A remisión do correspondente anuncio á Oficina de Publicacións da Unión Europea, no caso de que se trate de contratos suxeitos a regulación



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

harmonizada, no prazo de trinta días desde a súa formalización (artigo 220.2 da LCSP).

4. A súa publicación no perfil de contratante do órgano de contratación (artigo 220.2 da LCSP) e no portal de transparencia.

Tal e como determina o artigo 36.3 da LCSP os contratos baseados nun acordo marco perfecciónanse coa súa adxudicación.

-III-

COMPETENCIA

A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

É preceptivo, con carácter previo á aprobación do expediente de contratación, o informe da Asesoría Xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), e a fiscalización previa.

ACORDO

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da Asesoría Xurídica, e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno local que adopte o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar este expediente de contratación do SEGURO DE VIDA PARA O PERSOAL E CARGOS PÚBLICOS AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO, mediante adhesión ao acordo marco de seguros privados da Central de Contratación da FEMP, lote 9 (PÓLIZA DO SEGURO COLECTIVO DE VIDA PARA AS ENTIDADES LOCAIS E ENTES DEPENDENTES).

Segundo.- Adxudicar a ORIZON UNDERWRITERS, S.L. (B-42.820.746) o contrato do SEGURO DE VIDA PARA O PERSOAL E CARGOS PÚBLICOS AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO baseado no Acordo Marco de mediación de seguros privados da Central de Contratación da FEMP, lote 9 (PÓLIZA DO SEGURO COLECTIVO DE VIDA PARA AS ENTIDADES LOCAIS E ENTES DEPENDENTES).

Terceiro.- O importe da prima é de 131.722,91 euros, segundo a oferta presentada e de acordo coas condicións nela sinaladas.

Cuarto.- O contrato baseado terá unha duración de 1 ano, contemplándose unha prórroga de 1 ano, e iniciárase ás 00:00 horas do 6 de maio do 2025, tendo efectos a póliza.

Quinto.- O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 22101620500 dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2025.

Anualidade	Importe (exento IVE)
6 de maio do 2025 - 5 de maio do 2026	131.722,91€

Sexto.- Noméase responsables do contrato baseado á técnica de relacións laborais da Área de Recursos Humanos e Formación e á xefa da Área de Recursos Humanos e Formación”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

NESTE INTRE AUSÉNTASE DA REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. RIVAS GONZÁLEZ.

23(313).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA" NO MARCO DO PROXECTO DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO (PRTR- FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATIONEU. EXPTE. 2123/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 22/04/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 10/04/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

e) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil no Paseo de Granada" no marco do proxecto do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU (2123-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil no Paseo de Granada" no marco do proxecto do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU (2123-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 27 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA NO MARCO DO PROXECTO DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO, FINANCIADO CON FONDOS DO PRTR, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATION_EU", cun orzamento base de licitación máis IVE de TRES MILLÓNS TRESCENTOS CORENTA E CATRO MIL CATROCENTOS SESENTA E UN EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (3.344.461,20 €), segundo a distribución de anualidades proposta:

2024	100.000,00 €
2025	2.650.000,00 €
2026	594.461,20 €
TOTAL	3.344.461,20 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 11.12.2024.

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1539.609.0031 (VV Paseo Granada PSTD FMRR) – proxecto de gasto 24153931, por importe de 100.000,00 € e asumir o compromiso de dotar nos orzamentos iniciais do exercicio 2025 e 2026, na aplicación orzamentaria 1539.609.0031, crédito por importe de 2.650.000,00 € e 594.461,20 €, respectivamente.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 2.650,00% e para a terceira anualidade nun 594,46 %.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 20 de marzo de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil no Paseo de Granada" no marco do proxecto do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU (2123-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, SLU	94,89
2	ORECO BALGON, SA	91,32
3	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA	90,23
4	UTE CITANIAS-NAROM	89,68
5	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	89,46
6	UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL - SERANCO, SAU	80,98

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

2. *A documentación esixida nas cláusulas 9 e 19 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, SLU, o día 21 de marzo de 2025, que presenta a documentación requirida os días 1 e 7 de abril de 2025, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, xunto coa declaración de vixencia dos datos que figuran no mesmo, nos que figura a constitución da mercantil, obxecto social e clasificación.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo VI do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público do terceiro que aporta a solvencia (TK ELEVADORES ESPAÑA, SLU), xunto coa declaración de vixencia dos datos que figuran no mesmo, nos que figura a constitución da mercantil, obxecto social e clasificación.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación obrigatoria (Grupo J, subgrupo 1, Categoría 4 e Grupo G, subgrupo 6, Categoría 4) presentan a clasificación Grupo G, subgrupo 6, Categoría 4 e Grupo J, subgrupo 1, Categoría 4 aportada esta última polo TK ELEVADORES ESPAÑA, SLU.
- Aval por un importe de 127.573,23 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT e a TGSS e o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura o certificado positivos de débedas da ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 10 de abril de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVIS GLOBAL, SLU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVIS GLOBAL, SLU, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 7 e 17 de marzo de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CIVIS GLOBAL, SLU o procedemento aberto para a contratación das obras de "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil no Paseo de Granada" no marco do proxecto do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU (2123-441) por un prezo total do contrato de 3.087.272,13 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 535.807,56 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1890/1102

24(314).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez